

ORDE DO DÍA dos asuntos que se van tratar na Sesión Plenaria Ordinaria, que se celebrará o vindeiro venres, día 29 de novembro de 2002, ás DOCE HORAS.

ASUNTOS

Central-Actas

- 1.- Aprobación das actas anteriores, nºs: 11/02 y 12/02, correspondentes as sesións celebradas os días 27 de setembro e 25 de outubro respectivamente.
- 2.- Toma de coñecemento das resolucións dictadas pola Presidencia, da núm 15.800 á núm 18.199
- 3.- Proposición da Presidencia. Cambio de data do pleno ordinario de decembro.

Economía, Facenda e Especial de Contas

- 4.- Convenio de colaboración en materia de xestión catastral.

Cooperación e Asistencia ós Concellos

- 5.- Aprobación do proxecto reformado da obra “Abastecemento de auga Cambás-Villaraso” do Concello de Aranga, incluída no POS 2002. Código 02.2100.0017.0.

Plans Especiais, Contratación e Equipamento

- 6.- Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda da Xunta de Galicia para o financiamento e articulación da subvención do custo da peaxe no tramo A Coruña-A Barcala da autoestrada A9 para os residentes na provincia da Coruña.
- 7.- Aprobación de cambio das obras “Captación e depósito na Viña” código 99.3400.1167.0, e “Traída de auga a Ambroa 1ª Fase”, código 99.3400.1171.0 do Concello de Irixoa, incluídas no Plan 2000 Infraestructuras 1999, pola obra “Saneamento en Lapido” código 99.3400.1479.0 e delegación no Concello de Irixoa da contratación e execución da nova obra.
- 8.- Aprobación de cambio da obra “Ensanche e pavimentación do camiño Castro-Nogueirosa” código 02.3810.0062.0 do concello de Pontedeume, incluída no Plan

XXI de reinvestimento de baixas en obras municipais 2002, pola obra “Saneamento e asfaltado no camiño Castro-Freixeiro” código 02.3810.0091.0.

9.- Aprobación da 3ª fase da anualidade 2001 do Plan 2000 Deportes 1998-2001.

10.- Aprobación do novo proxecto de terminación da obra “Instalación de remo e piragüismo na praia de Tapia “ do Concello de Ames, incluído na 2ª fase da anualidade 1998 do Plan 2000 Deportes. Código 98.3420.0005.0.

11.- Aprobación da primeira programación plurianual das obras que se van contratar pola deputación incluídas no IV Convenio de Cooperación suscrito entre a Xunta de Galicia e a Deputación Provincial da Coruña 2002-2006 para a reforma e construción de instalacións deportivas municipais.

Medio Ambiente, Agricultura, Pesca e Benestar Social

12.- Modificación de axentes financiadores en acordo plenario do Plan XXI Turismo da Natureza anualidade 2002.

13.- Proposta de formalización do convenio para financiar o custo da elaboración dun estudo de mercado da Federación de entidades empresariais de comercio da provincia da Coruña.

14.- Proposta de cambio da obra “Reconversión do vertedoiro de Ombre” concello de Pontedeume, para aplicar a achega provincial á obra “proxecto de adecuación, selado e clausura do vertedoiro RSU de Pontedeume”.

15.- Proxecto reformado da obra “conxunto parroquial de S. Miguel de Vilela (Carballo). Plan 2000 de recuperación da arquitectura popular.

16.- Proxecto reformado da obra “Parque de Bombeiros e Instalación de Protección Civil en Betanzos”.

Persoal, Réxime Interior e Informática

17.- Aprobación do Plan de Emprego da Excma. Deputación Provincial da Coruña.

18.- Aprobación do Cadro de Persoal e Relación de postos de traballo ano 2003.

19.- Dar conta do nomeamento de Oficial Maior desta deputación.

ACTUACIÓN DE CONTROL
MOCIONES
ROGOS E PREGUNTAS

DE PUTACIÓN PROVINCIAL

A CORUÑA

**Acta da sesión ORDINARIA
celebrada pola EXCMA. CORPORACIÓN PROVINCIAL
o 29 de NOVIEMBRE DE 2002**

DEPUTACIÓN PROVINCIAL

A CORUÑA

SESIÓN ORDINARIA DA EXCMA. CORPORACIÓN PROVINCIAL EN PLENO DO 29 DE NOVEMBRO DE 2002.

No salón de sesións do pazo provincial da Coruña, o día 29 de novembro de 2002, reuniuse a Excma. Corporación Provincial para celebrar **sesión ordinaria**.

CONCORRENTES

PRESIDE O ILMO. SR.:

DON JOSÉ LUIS TORRES COLOMER

ASISTEN OS SRES. DEPUTADOS SEGUINTE:

DON JOSÉ BLANCO PAZOS	PP
DON JUAN BLANCO ROUCO	PP
DON ANTONIO CAMPO FERNÁNDEZ	PP
DOÑA PILAR CANDOCIA PITA	BNG
DON JOSÉ MANUEL CENDÁN FERNÁNDEZ	PP
DON ODÓN CASIMIRO COBAS GARCÍA	PSOE
DON JOSÉ ANTONIO DOMÍNGUEZ GARCÍA	PP
DON ANTONIO ERIAS REY	PP
DON JESÚS SALVADOR FERNÁNDEZ MOREDA	PSOE
DON JOSÉ LUIS FERNÁNDEZ MOURIÑO	PP
DON JOSÉ LUIS FONDO AGUIAR	PP
DON JOSÉ GARCÍA LIÑARES	PSOE
DON CARLOS GLEZ.-GARCÉS SANTISO	PSOE
DON ANTONIO SALVADOR LAGARES PÉREZ	PSOE
DON CARLOS LÓPEZ CRESPO	PP
DON MANUEL MIRÁS FRANQUEIRA	PSOE
DON JOSÉ LUIS PICO ESPÍNEIRA	PP
DON JOSÉ CARLOS PITA LÓPEZ	PSOE
DON FÉLIX PORTO SERANTES	PSOE

DON MANUEL POSE MIÑONES	PP
DON CELESTINO POZA DOMÍNGUEZ	PSOE
DON MIGUEL PRADO PATIÑO	PP
DON FRANCISO JAVIER QUIÑOY TABOADA	PSOE
DON AUGUSTO REY MORENO	PSOE
DON MANUEL RODRÍGUEZ DOVAL	BNG
DON DOSITEO RODRÍGUEZ RODRÍGUEZ	PP
DOÑA ANA ISABEL SANTIAGO LÓPEZ	BNG
DON MANUEL TABOADA VIGO	PP
DON MANUEL VARELA REY	PP
DOÑA MARGARIDA VÁZQUEZ VERAS	BNG

Acúa como secretario, don José Luis Almau Supervía, secretario xeral da Corporación e está presente o interventor xeral, D. Jesús Loscos Puig.

Aberto o acto ás trece horas e dez minutos, o Sr. secretario procede a ler os asuntos incluídos na orde do día, tocante ós cales, por unanimidade, agás nos casos en que se indique, adoptáronse os acordos seguintes:

1.- APROBACIÓN DAS ACTAS ANTERIORES, NºS: 11/02 E 12/02, CORRESPONDENTES AS SESIÓNS CELEBRADAS OS DÍAS 27 DE SETEMBRO E 25 DE OUTUBRO RESPECTIVAMENTE.

Apróbanse as actas das sesións anteriores, correspondentes ás sesións celebradas os días 27 de setembro e 25 de outubro, núms. 11/02 e 12/02.

2.- TOMA DE COÑECEMENTO DAS RESOLUCIÓNS DICTADAS POLA PRESIDENCIA, DA NÚM 15.800 Á NÚM 18.199

A Corporación toma coñecemento das resolucións dictadas pola Presidencia, da núm. 15.800 deica á núm. 18.199.

3.- PROPOSICIÓN DA PRESIDENCIA. CAMBIO DE DATA DO PLENO ORDINARIO DE DECEMBRO.

INTERVENCIONES

Sr. presidente

Hai que votar a ratificación da inclusión na orde do día deste punto.

Por unanimidade, acórdase a seguinte proposición da Presidencia:

“A sesión ordinaria do Pleno da Deputación Provincial correspondente ó duodécimo mes de 2002 celebrárase o día 30 de decembro, luns, a partir das doce horas.”

4.- CONVENIO DE COLABORACIÓN EN MATERIA DE XESTIÓN CATASTRAL.

INTERVENCIONS

Sr. Rodríguez Doval

O acordo que se trae hoxe a aprobación por parte deste pleno supón en realidade o desenvolvemento do contido dos convenios que a maioría dos concellos da nosa provincia subscribiron con esta deputación para delegar competencias en materia de xestión e recadación do IAE, do IBI e o IVTM, á parte doutros impostos de carácter municipal. Nese documento, nese convenio, xa adiantamos, e polo tanto non me vou parar máis aquí, que o BNG mantiña unha discrepancia no tocante a que o mellor camiño escollido para optimizar o que puideran ser os recursos en materia de xestión dalgúns tributos, que a mellor maneira fora precisamente, que os centralizara a deputación, e nosoutros avogamos naquel momento pola creación e desenvolvemento de estratexias máis comarcalizadas, que non soamente permitisen darlle ese ámbito, senón que ademais procurasen o maior achegamento dos servizos ó conxunto da cidadanía.

No día de hoxe e centrándome na proposta que se trae hoxe aquí, no día de hoxe é ben sabido que xa existen numerosos concellos no ámbito provincial que tiñan establecido un acordo co centro de xestión catastral, un convenio para favorecer o achegamento da cidadanía a todo o que eran procesos de tramitación ou de modificación relativos ós valores catastrais, planos, etc., etc., ou mesmo emisión de documentación a particulares sobre o tema. Está claro que a tendencia que se marcaba era algo que viñamos demandando os concellos, que era que a cidadanía non se tivese que trasladar, non tivese que facer a xestión directamente diante do centro, e que os concellos fomos paulatinamente en función deses convenios, dispoñendo de recursos para tramitar directamente nas institucións municipais todo o que son traballos, operacións que quere facer o cidadán, o contribuínte, e que non se tivera que trasladar, neste caso, a onde está instalado o centro de xestión catastral, e desenvólvese ademais desta forma o que está explicitado no decreto 1390/1990, do 2 de novembro, que ademais especificaba esa fórmula de convenio entre o centro de xestión catastral e as propias institucións municipais.

¿Por que digo todo isto? Ben, porque a proposta que se trae hoxe aquí, entendemos nosoutros, que é resultado dun proceso libre, onde os concellos delegaron esta facultade, que ían recuperar, esta intermediación coa xestión do catastro, delegárona na Deputación da Coruña, e polo tanto é certo que o que fai agora a Deputación da Coruña, como dicía antes, é levar a cabo simplemente esa delegación.

Entendemos, non obstante, que o que se está producindo é unha volta atrás nun camiño que se tiña andado, que é ó que antes me referín, é dicir, esa facultade que se estaba trasladando en función dos convenios cara os propios concellos, agora o que vai pasar é que vai residir outra vez, naturalmente dun modo máis centralizado, na propia Deputación da Coruña, e ademais no caso de moitísimos concellos.

Se analizamos o contido das funcións que vai pasar a desempeñar o catastro, percibimos claramente que hai un afastamento duns servizos, onde a tendencia que se marcaba era un maior achegamento á cidadanía, que agora o que se produce é unha nova centralización e un maior afastamento por parte dos cidadáns que antes o poderían facer no concello e agora entendemos nosoutros, e mentres non se diga o contrario, e a Deputación da Coruña cumpra co compromiso que tiña con que os servizos de recadación que existen con carácter comarcalizado foran tendo máis efectivos, estamos aínda esperando que iso se concrete, pois mentres non se diga o contrario, os medios que vai haber xa sabemos cáles son, son os que teñan neste momento á súa disposición as oficinas das zonas recadatorias, que están estipulados en función do que aquí se aprobou.

Polo tanto, tendo en conta esa situación, nosoutros imos manter unha posición, somos respectuosos con esa decisión libre que tomaron os concellos de asumir este convenio coa deputación, pero non deixemos de ver que o resultado, a consecuencia, de todo iso é un maior afastamento da cidadanía a aquelas prestacións que a través do convenio que facía directamente o concello co catastro, e que agora vai facer a propia deputación.

Polo tanto, nosoutros imos manter unha posición de abstención fundamentada nas razóns que acabo de comentar, e desde ese respecto, naturalmente, que nos parece a decisión soberana que tomaron os concellos, que nosoutros, en todo caso, da que discrepamos politicamente, pero que queremos respectar tamén no aspecto procedemental, por iso abstémonos. Moitas grazas.

Sr. Lagares Pérez

Brevemente, Sr. presidente, para manifestar o noso voto favorable. Recordar que na comisión específica que no seu momento se creou, o grupo, o grupo socialista fixo esta achega, que consideramos importante, de cara ó servizo, de cara ós concellos, e o que si nos gustaría sería insistir que os 82 concellos que teñen delegadas as competencias, que só

66 van formar parte deste convenio de xestión catastral, que se lles informe minuciosamente para que se procuren adherir. O noso voto, como indiquei, vai ser favorable.

(Auséntase o Sr. González Garcés e a Sra. Santiago López).

Sr. Erias Rey

En realidade o que traemos aquí, como o sinala o Sr. Lagares, non é outra cousa có que acordamos cando, na negociación cos concellos, e posteriormente, no desenvolvemento do acordo polo cal determinados concellos continuaban pertencendo ós servizos que a deputación prestaba, pois é o que agora imos facer. Entón, se o Bloque Nacionalista Galego cre que iso é unha forma de afastar ós concellos de prestación do servizo, nosoutros cremos que está equivocado; cremos que no seu momento xa se explicou, e que isto é un servizo máis no que a deputación coopera con outras institucións para que os afectados, neste caso os veciños e os propios concellos, tamén teñan a oportunidade de poder contar cun interlocutor para resolver determinadas circunstancias que ás veces se dan.

Agradecer en nome do grupo do Partido Popular, a boa disposición por parte do grupo socialista e tamén o empeño en que entre todos poidamos facer esa deputación que queremos, polo tanto non teña dúbida ningunha de que serán informados os restantes concellos, e que ata certo punto, se o estiman eles conveniente, non imponéndoo, pero se eles o estiman conveniente, poderíamos desenvolver un proceso informativo a través dos órganos da deputación máis personalizado. Máis nada e moitas grazias.

VOTACIÓN

Votan a favor: 26 deputados (16 do PP e 10 do PSOE)

Votan en contra: ningún deputado

Abstéñense: 5 deputados (4 do BNG e 1 do PSOE, por ausentarse na deliberación do asunto e non estar presente no momento da votación, art. 74.1 do Regulamento orgánico).

ACORDO

Apróbase o seguinte dictame da comisión:

“1º) Aceptar exercer por delegación da Administración do Estado, en relación coas funcións de xestión catastral do imposto sobre bens inmobles, as funcións de tramitación e aprobación dos expedientes de alteracións catastrais de orde xurídico -transmisións de dominio- que se formalicen no modelo 901 aprobado por Orde do Ministerio de Economía e Facenda, con data do 10 de febreiro de 1999 (BOE núm. 43, do 19 de febreiro), ou no

modelo que se puidera establecer na súa substitución, sempre que a transmisión de dominio non se formalizara en escritura pública ou solicitada a súa inscrición no Rexistro da Propiedade no prazo de dous meses desde o acto ou negocio de que se trate e non se dera cumprimento á obriga establecida no artigo 50.2 da Lei 13/1996, do 30 de decembro, de medidas administrativas e de orde social.

2º)Facultar ó Sr. presidente da deputación para executar o acordo anterior.”

5.- APROBACIÓN DO PROXECTO REFORMADO DA OBRA “ABASTECIMIENTO DE AUGA CAMBÁS-VILLARASO” DO CONCELLO DE ARANGA, INCLUÍDA NO POS 2002. CÓDIGO 02.2100.0017.0.

Por unanimidade, apróbase o seguinte dictame da comisión:

“Aprobar o proxecto reformado da obra "Abastecemento de auga Cambas - Villarraso" do concello de Aranga, incluída no programa do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (POS) 2002 (Código: 02.2100.0017.0) cun orzamento de contrata de **40.883,75 €** que non representa unha variación no seu orzamento total, nin varía a finalidade ou o obxecto da obra pero si implica unha modificación substancial por afectar internamente ó 30% das súas unidades de obra.”

6.- APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E A CONSELLERÍA DE POLÍTICA TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS E VIVENDA DA XUNTA DE GALICIA PARA O FINANCIAMENTO E ARTICULACIÓN DA SUBVENCIÓN DO CUSTO DA PEAXE NO TRAMO A CORUÑA-A BARCALA DA AUTOESTRADA A9 PARA OS RESIDENTES NA PROVINCIA DA CORUÑA.

(Entra a Sra. Santiago López).

INTERVENCIONES

Sr. Rodríguez Doval

É unha mágoa que a sesión do 26 de xaneiro de 2001, por un problema de carácter técnico non puidera recollese textualmente con tódalas intervencións que aquí houbo, foi un deses días en que a técnica, neste caso si, a técnica, fallou, e xa se sabe que esa acta, máis ca unha acta textual e literal é unha acta onde se recollen as intervencións con carácter moi reducido. Digo que é unha mágoa que non estiveran as intervencións recollidas ó pé da letra, porque seguramente recuperar o contido e o tono, aínda que non se escoita pero si que se ve, pero se o tono da intervención que cada un fixemos naquel momento cando se adiantaba

a posible subscripción dun convenio entre a Xunta e a Deputación polo tema da peaxe, pois xa poderíamos ver cómo se concreta e como se efectúa no día de hoxe o que entón dixeramos.

Eu quería lembrar que no Pleno do 26 de xaneiro do ano 2001 discutíanse cadansúa moción do PSOE e o BNG, que facían unha reflexión respecto á sinatura dun protocolo, naquel intre asinado entre a Deputación da Coruña e a Consellería de Política Territorial, protocolo que dicía en concreto na súa parte dispositiva: “Primeiro: As Administracións aquí representadas manifestan a súa vontade de levar a efecto a supresión da peaxe no treito A Barcala-A Coruña, da autovía A-9. Segundo: Para tal suposto, a Xunta de Galicia, a través da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda, asumirá o 50% do custo da supresión total da peaxe no treito A Barcala-A Coruña e a Deputación da Coruña asumirá o 50% restante. Terceiro: para o desenvolvemento do contido deste acordo para os efectos conseguintes, será necesaria a formalización dun convenio de colaboración entre a Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda, e a Deputación da Coruña.”

Creo que nas dúas mocións, mesmo me parece que por algunha intervención máis que houbo, percibíase que o acordo nuclear que tiñamos nesta casa era supresión da peaxe e gratuidade do treito A Barcala-A Coruña, fundamentado todo isto nas razóns de tipo social e de tipo económico que evidencian que ese treito non debía de ter custos, é dicir, que debía de ser un treito de peaxe gratuíta polas funcións incluso que cumpría como tal infraestrutura viaria, e tamén, todo hai que dicilo, baseado na unanimidade do conxunto dos sectores sociais, políticos e económicos desa zona afectada que demandaban, naturalmente, que esta situación singular non se seguira producindo e que polo tanto a peaxe se suspendera. O Sr. presidente da deputación comprometéase, o 26 de xaneiro de 2001, a que este tema sería tratado en Comisión, as mocións non se aprobaban pero teoricamente pasaban a comisión. Pasaron 22 meses desde entón, 22 meses. E hoxe imos aquí unha proposta, xa cerrada, cunha proposta de convenio, sen que ó noso xuízo puidérase dar un debate moito máis amplo que non teña que ver exclusivamente coa proposta de convenio, senón con fórmulas que nun prazo de 22 meses, con toda a seguridade se poderían pór en marcha. Sobre todo, tendo en conta a liña na que marchaba a experiencia, que si xa estaba en marcha, que era a gratuidade do treito Vigo-O Morrazo.

E nosoutros dicimos todo isto porque entendemos que tamén como dixeran antes, no tema do procedemento hai que gardar sempre as formas. Primeiro: nosoutros pensamos que está claro que este tema é un tema que non é competencia da Deputación da Coruña, e é evidente que a supresión do treito da peaxe, na parte operativa e resolutiva, é dicir, na parte das decisións políticas que se tomen, non é un tema que teña que abordar a Deputación da Coruña; en todo caso tería que ser o Ministerio de Fomento coa empresa nacional de autoestradas, coa concesionaria. E en todo caso quero chamar aquí a atención sobre unha parte do informe que no seu momento facía a Sección de Patrimonio e Contratación, que era

claro neste aspecto, onde se di: ... Punto 8. Consideracións. Competencia: a autoestrada A-9, á que se refire o presente expediente actualmente prestado en réxime de concesión por Autopistas del Atlántico, S.A., AUDASA, é obxecto de competencia estatal, a Administración á que lle corresponde, se é o caso, modificar as condicións de prestación do servicio, como pode ser a eliminación da peaxe ou a gratuidade. Parece que está bastante claro de quen é a competencia, ¿non? En boa lóxica, pensamos nos outros, que se a Administración autonómica, que foi a verdadeira armadanza de toda esta armazón, de tarxetas e convenios coas deputacións, se ten tanto interese en amortiguar os efectos sociais e económicos do mantemento das peaxes, é dicir, que aí hai un conflito social e unha demanda social dicindo que as peaxes se retiren, que faga valer o seu peso político diante da Administración do Estado para que, nunha negociación coa empresa nacional de autoestradas, consiga a eliminación total da peaxe.

(Entra o Sr. González Garcés).

(Sae o Sr. Mirás Franqueira).

Pero claro, aquí o que se fai é recorrer outra vez máis a unha intermediación cunha institución, que neste caso é a Deputación da Coruña, que neste caso non debería en absoluto tomar parte porque nin ten competencia, nin efectiva nin residual nesta materia, é unha negociación por outro lado, e aínda encima veñen a tocar na nosa porta, tócase na porta da Deputación da Coruña, e ademais pídesenos máis nada e nada menos có 50%, pídesenos que deamos o 50% máis nada ca 100.000 euros, ós que se vai unir unha cantidade igual, similar, por parte da Xunta de Galicia. Isto si, señores, é un exemplo de colaboración interinstitucional, porque supón un feito histórico que nun tema que non afecta á Deputación da Coruña, na cal non temos absolutamente nada que ver, poñamos a disposición dunha institución que quere salvar un conflito político que ten creado, poñamos 100.000 euros para que salve ese conflito nunha cousa que non é da nosa competencia.

E por outro lado, queríamos facer mención ó mecanismo que foi escollido para pór en marcha este convenio. Falei antes aquí dunha experiencia cargada de cuestións moi curiosas, e que desde logo, desde o punto de vista de técnico non hai por onde collela, que foi a experiencia, modificada paréceme que xa en dúas ou tres ocasións, da posta en marcha do treito de Vigo-O Morrazo, onde se sabe que pasou por tódolos avatares de tarxetas, de petición de documentos, e de mecanismos de cobramento. Desde as condicións esixidas ós beneficiarios, o modelo de xestión das axudas, o tema de liquidación das tarxetas, etc., etc., eu creo que van facer disto unha cuestión tan complicada, tan complicada, que ó final a calquera persoa que teña que botar man deste servicio se lle complica tanto a situación que con toda seguridade eu non sei se mesmo nos vai sobrar diñeiro para que os utilizemos noutro mecanismo.

Pero o método a que antes me refería a nosoutros tamén nos preocupa bastante. Supoño que o prólogo desta situación, é dicir, o prólogo é que hai unha vontade política en darlle diñeiro da deputación á Xunta de Galicia para que faga ese convenio e para que solucione un problema que, en todo caso, ten o Estado con AENA, pois a nosoutros gustaríanos que unha vez que se participa, que se pidan uns mínimos no tocante ó que é a participación. E ademais pensamos que é de recibo que para chegar ó convenio antes se produzan os acordos soberanos das dúas partes, parece que estou facendo un xogo de palabras, pero non é así. Hoxe vaise adoptar aquí un acordo que supostamente lle dá vía libre á posta en marcha do convenio, cando no Diario Oficial de Galicia do día 20 de novembro, supoño que é unha mera coincidencia, xa sae publicado o decreto da Xunta, xa non hai que agardar ó noso acordo -cuestión de formas importante, ¿non?, porque se podía esperar, imaxínense vostedes que non aprobamos aquí o convenio, ¡a ver como se pon en marcha o decreto da Xunta!-, ben, pois exactamente nove días despois de que a Xunta o publicou dicindo que iso xa é efectivo, o Sr. Erias supoño que non se rirá do que eu digo, pero igual lle fai moita gracia se lle digo que o decreto que vén aquí pon na súa disposición final que este decreto entrará en vigor ó día seguinte ó da súa publicación no Diario de Galicia. A vostede seguramente lle fará tanta gracia coma a min, ou sexa, ningunha, que nosoutros aprobemos isto oito días despois de que xa estea en vigor. É unha maneira curiosa de colaboración interinstitucional: disposición, ordeno, mando e fago saber. Iso é agasallarme os cartos, isto é xa para porlle a guinda a todo o que ven sendo este proceso onde se viu que había unha submisión, onde “dámosvos o diñeiro e saíde como poidades”, e isto é a guinda, ¿non? Eu creo que polo menos se podía esperar a que esta deputación ratificara o convenio, e cando se ratificara o convenio, dicir: “xa hai un acordo”, porque o acordo, ata que se vote non se vai producir, e se non se produce acordo imaxínense vostede, o Sr. presidente da Xunta, que supoño que asinaría este decreto, estaría coas cores postas, e nosoutros non queremos poñerlle as cores ó Sr. presidente da Xunta, e menos por este tema. Polo tanto, na cuestión das formas a política tamén é moi importante, e na cuestión das formas vostedes aquí foron alucinantes.

Polo tanto, e indo xa á parte, como di o outro, dispositiva, nosoutros o que dicíamos o día 26 de xaneiro de 2001 repetímolo, enfeitámolo, completámolo, verificámolo e todos os terminados en -amos, a pesar de que nosoutros non queiramos ter amos, como parece que teñen vostedes na Xunta de Galicia, que lles din que lle dean o diñeiro e vostedes danllo. Entón, nin é un tema da nosa competencia, nin temos nosoutros por que afrontar a inexistencia de peso político para solucionar este tema, por certo como se solucionou noutras partes do Estado, saben vostedes que noutras partes do Estado as Administracións autonómicas conseguiron, co peso político que teñen, que se reducira, ou que se amortiguara, ou que deixara de ser existente a peaxe, en zonas que son iguais, mesmo que non teñen socialmente tanto impacto como pode ser a zona O Morrazo-Vigo ou A Barcala-A Coruña. Polo tanto, nosoutros pensamos que ese peso político tivo que xogalo a Administración autonómica; non o xugou, e nosoutros non estamos dispostos a que

finalmente esa falta de peso político a teña que pagar a cidadanía da provincia da Coruña a través dos orzamentos desta deputación, que naturalmente por lei por senso común teñen que ir por outra cousa.

(Entra o Sr. Mirás Franqueira).

Por certo, e para rematar, lin no periódico do día 26 de novembro -e ademais lin mal porque me enganou-, o titular era “AUDASA calcula que nun ano a metade dos usuarios pagarán peaxes -e pon- “sen parar”, e eu lin “sen pagar”, entón, claro, collín o papel e dixen: “ben, pois entón a moción xa está, xa o conseguimos ¿non?”. Claro, era, como dicía un ilustre amigo e político, que foi alcalde do concello de Ferrol, é unha “rebuznancia”, non é pagarán sen pagar, non me cadraba, e foi cando me dei conta de que era sen parar.

Estou dicindo isto porque o sistema, isto parece unha broma e un xogo de palabras, pero o sistema que vai pór en marcha AUDASA vai obrigar a que o real decreto se teña que modificar, lino porque me chamaba a atención o artificio de tarxeta, de raios x, e toda a historia; vainos obrigar tamén a que se modifique todo o que está contido no real decreto no tocante a cómo vai ser, porque se non vai haber un estatus especial nos treitos de autoestrada, nas peaxes, vai haber un estatus especial para os afectados pola tarxeta do convenio que teñan o sistema este que lle chaman non sei qué, e outro estaus especial para os que non teñan os raios x; ou sexa, temos de todo neste país, temos de todo neste país, temos de todo, estamos servidos.

Só agardo, e agora si que termino, que esas modificacións que vai facer AUDASA, coa introducción destes aparellos tan sofisticados non a teñamos que pagar tamén cos fondos da Deputación da Coruña e a pague a propia AUDASA.

O noso voto vai ser total e absolutamente negativo á proposta que se trae hoxe aquí polas razóns que acabo de expresar. Moitas grazias.

Sr. Fernández Moreda

Vou ser breve por non reiterar algúns argumentos expostos xa polo Sr. Doval, indubidablemente que algo que el anunciaba é un desprezo cara a esta institución que se aprrobe un decreto, que entre en vigor un decreto cando non está aínda ratificado polo pleno desta corporación a participación da deputación nesa actuación.

Non é isto o que pediramos nosoutros, e non é isto o que ofrecera o conselleiro de Política Territorial, o conselleiro de Política Territorial, nunha promesa electoral, ofrecera a gratuidade deste tramo, polo tanto nin é o que prometera nin é o que nosoutros queríamos, nosoutros queríamos a gratuidade deste treito de Guísamo á Coruña, e queríamos tamén,

que é máis doado de conseguir, a gratuidade do treito A Coruña-Arteixo, que é unha autovía, unha autoestada, de titularidade pública, e dáse a circunstancia de que é o único polígono industrial onde os traballadores teñen que pagar unha peaxe para ir traballar. Isto pasa unicamente neste Polígono de Sabón, e pasa cunha autoestrada de titularidade pública, financiada con fondos públicos. Entendemos que esta é unha mala forma de solucionar unha promesa electoral, pero na comisión informativa votamos que si; imos manter o voto favorable, entendendo que este é un primeiro paso cara a desaparición desta peaxe, e é tamén un primeiro paso na busca de solucións para a desaparición da peaxe de Guísamo, e fundamentalmente para a desaparición da peaxe na autopista de Carballo, no treito A Coruña-Arteixo.

Sr. Varela Rey

Para amosar que, en todo caso, a aparición desa publicación imaxino que responderá a unha confianza da Xunta no compromiso que tiña coa Deputación provincial.

E por outro lado, direi que eu creo que é un primeiro paso positivo tamén para todo o que é o contorno da cidade da Coruña e para os habitantes desa provincia o que poidan ter unha diminución no cobramento do que debe ser a peaxe da Barcala.

Sr. Rodríguez Doval

Eu quero felicitar ó grupo de goberno da Deputación da Coruña por gañar a confianza da Xunta de Galicia.

Sr. presidente

Ben, á parte da confianza, vostedes ben saben que se asinou no seu día un protocolo, que non é nin máis nin menos que este convenio que hoxe aprobamos, que se habilitou no seu día, a través dun crédito extraordinario, unha partida orzamentaria que hoxe se ve reducida neste convenio. Polo tanto, que estaba todo en marcha, e que non ten incidencia o que estamos falando hoxe aquí.

VOTACIÓN

Votan a favor: 27 deputados (16 do PP e 11 do PSOE)

Votan en contra: 4 deputados (BNG)

Abstéñense: ningún deputado

ACORDO

Apróbase o seguinte dictame da comisión:

“Aprobar a formalización do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda da Xunta de Galicia para o financiamento e articulación da subvención do custo da peaxe no treito A Coruña-A Barcala da autoestrada A9 para os residentes na provincia da Coruña, cunha achega provincial do 50% e que ascende á cantidade 100.000,00 euros con cargo á aplicación 0202/513B/489.99 do orzamento de 2003 e condicionado á entrada en vigor del.

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS E VIVENDA DA XUNTA DE GALICIA E A DEPUTACIÓN DA CORUÑA PARA O FINANCIAMENTO E ARTICULACIÓN DA SUBVENCIÓN DO CUSTO DA PEAXE NO TREITO A CORUÑA-A BARCALA DA AUTOESTRADA A-9 PARA OS RESIDENTES NA PROVINCIA DA CORUÑA

A Coruña de de dous mil dos.

Dunha parte o Excmo. Sr. Don Xosé Cuíña Crespo, Conselleiro de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda da Xunta de Galicia, facultado para a formalización deste convenio pola Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e do seu presidente.

Doutra parte, o Ilmo. Sr. D. José Luis Torres Colomer, na súa condición de presidente da Deputación da Coruña, actuando en virtude das facultades representativas que lle atribúe o artigo 34.1 b) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

Ámbalas dúas partes recoñécense mutuamente na calidade en que interveñen coa capacidade legal necesaria para o outorgamento desde convenio e para o efecto

EXPOÑEN

O día 10 de febreiro de 2000 a Xunta de Galicia, a Deputación Provincial da Coruña, a Deputación Provincial de Pontevedra e os concellos da Coruña, Arteixo, Pontevedra, Marín, Bueu, Cangas do Morrazo, Moaña e Vigo fixeron público o seu posicionamento respecto ás peaxes da A-9 e A-55.

Neste posicionamento institucional maniféstase que os tráxicos existentes entre A Barcala- A Coruña, O Morrazo-Vigo e Arteixo-A Coruña teñen unha natureza

eminentemente metropolitana, de forte impacto social (actividade industrial, asistencia sanitaria, comercio, educación, etc.) e condicionada pola peaxe. A situación agrávase pola existencia dunha alternativa de comunicación saturada e que ademáis está fortemente condicionada polo seu trazado urbano.

A Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda e a Deputación da Coruña conscientes das dificultades que isto supón e da necesidade de mante-lo equilibrio económico e financeiro das empresas concesionarias, estudaron fórmulas que permitan acadar-los obxectivos do mencionado acordo institucional.

O día 9 de xaneiro de 2001 ámbalas administracións asinaron un protocolo de intencións no que mostraban a súa vontade de buscar fórmulas que permitisen acadar o mencionado obxectivo, para o que prevían asumir o 50% cada unha do custo da supresión da peaxe.

Mediante o presente documento establécense as bases dunha colaboración entre a Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda e a Deputación da Coruña para a subvención do custo da peaxe no treito A Coruña- A Barcala da autoestrada A-9 para os residentes na provincia da Coruña, e para tal efecto establecen o presente convenio con arreglo ás seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.OBXECTO.-

O obxecto do presente convenio é establecer o mecanismo polo que se regulará a subvención do custo da peaxe no treito A Coruña- A Barcala da A-9 para os residentes na provincia da Coruña e o sistema de financiamento del por parte da Xunta de Galicia e a Deputación Provincial da Coruña.

SEGUNDA.- CONDICIÓN

A Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda e a Deputación da Coruña está de acordo en articular o seguinte sistema, que será expresamente regulado mediante Decreto da Xunta de Galicia:

1º.- Ós residentes nos concellos da provincia da Coruña que o soliciten emitiránsele tarxetas de débito por parte das entidades financeiras colaboradoras. Os solicitantes deberán acreditar ter residencia nalgún dos concellos da provincia e pagar o

imposte de vehículos de tracción mecánica nalgún destes concellos, así como estar ó corrente das súas obrigas tributarias e sociais.

2º.- Subvencionarásen totalmente tódalas viaxes ata un máximo de 80 ó mes.

3º.- As entidades colaboradoras aboarán os importes correspondentes á empresa concesionaria en relación coa totalidade das viaxes do mencionado percorrido.

A Xunta de Galicia, unha vez comprobado que se cumpren as condicións para recibila subvención, resolverá sobre a procedencia de outorgala mesma e comunicará inmediatamente dita resolución á Deputación da Coruña. Deputación e Xunta transferirán a cantidade que lle corresponde a cada unha das tarxetas durante os 5 días seguintes á recepción da documentación remitida pola Xunta de Galicia e entidade colaboradora respectivamente. Esta fará constar a subvención recibida ó beneficiario.

4º.- Só se subvencionarán os traxectos A Coruña - A Barcala e A Barcala-A Coruña.

Unha vez asinado o presente convenio a Xunta de Galicia e a Deputación da Coruña convenirán cunha ou varias entidades financeiras a articulación e posta en marcha deste sistema, que será regulado mediante o correspondente Decreto da Xunta de Galicia.

TERCEIRA.- ACHEGAS.-

A Xunta de Galicia, a través da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda asumirá o 50% do custo deste sistema de subvención da peaxe no treito A Coruña - A Barcala, para o que ten previsto consignar a cantidade de cen mil euros (100.000,00.- euros) con cargo á partida 06.03.413B.480 dos orzamentos da Consellería para 2003. A Deputación da Coruña asumirá o 50% restante, para o que se incluirá unha cantidade igual nos orzamentos da Deputación para 2003. Ambas administracións comprométense a facer fronte exclusivamente a súa parte do financiamento, podendo incrementala partida consignada para este fin se fose necesario, non asumindo en ningún caso a parte de financiamento correspondente á outra Administración. Cada Administración librará os fondos por separado, desvinculando así as obrigas que corresponde a cada unha delas do grao de execución da outra.

A Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda elaborará e publicará un decreto no que se regule a concesión da subvención e que será asumido por ambas partes para a xestión da mesma. A xestión do sistema de axudas encoméndase á Xunta de Galicia,

sen prexuízo de que a Deputación poida solicitar a documentación e comprobar a súa execución.

CUARTA.- COMISIÓN DE SEGUIMIENTO.-

Crearase unha Comisión de Seguimento formada por un representante de cada unha das dúas administracións que asinan o presente convenio.

Tódalas incidencias que poidan xurdir na aplicación deste convenio serán presentadas a través da indicada Comisión de Seguimento, que resolverá de mutuo acordo.

QUINTA .- INTERPRETACIÓN E INCUMPRIMENTOS.-

1.- As dúbidas que se presenten na súa interpretación, caso de discrepancias serán resoltas, visto o informe da Comisión de Seguimento, polo Conselleiro de Política Territorial , Obras Públicas e Vivenda e polo Presidente da Deputación Provincial da Coruña, poñendo así fin a vía administrativa.

2.- O incumprimento de calquera das cláusulas do presente convenio constituirá causa suficiente de rescisión do mesmo.

3.- O presente convenio ten natureza administrativa. A xurisdicción contencioso-administrativa terá competencia para o coñecemento de posibles cuestións litixiosas que poidan suscitarse como consecuencia do mesmo.

4.- En todo caso, a contribución financeira da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda non implicará subrogación desta en ningún dereito nin obriga que se deriven da titularidade da obra, excepto as derivadas da execución da obra.

5.- A Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda e a Deputación Provincial da Coruña limitarán en todo caso, a súa achega económica ó pactado no presente convenio.

SEXTA.- VIXENCIA DO CONVENIO.-

Os efectos económicos do presente convenio teñen vixencia durante o ano 2003. Para a articulación do financiamento en anos posteriores asinaranse os correspondentes engadidos entre ámbalas administracións onde se fixarán as anualidades e as partidas que se destinen para este fin.

De acordo con tales engadidos dictarase unha Orde anual da Consellería onde se recolla o financiamento pactado.

Así o outorgan no lugar e data do encabezamento, subscribindo o presente convenio por triplicado exemplar.

POLA CONSELLERÍA DE POLÍTICA TERRITORIAL O PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN DA
OBRAS PÚBLICAS E VIVENDA CORUÑA

Asdo: Xosé Cuiña Crespo

Asdo: José Luis Torres Colomer

7.- APROBACIÓN DE CAMBIO DAS OBRAS “CAPTACIÓN E DEPÓSITO NA VIÑA” CÓDIGO 99.3400.1167.0, E “TRAÍDA DE AUGA A AMBROA 1ª FASE”, CÓDIGO 99.3400.1171.0 DO CONCELLO DE IRIXOA, INCLUÍDAS NO PLAN 2000 INFRAESTRUCTURAS 1999, POLA OBRA “SANEAMENTO EN LAPIDO” CÓDIGO 99.3400.1479.0 E DELEGACIÓN NO CONCELLO DE IRIXOA DA CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN DA NOVA OBRA.

Por unanimidade, apróbase o seguinte dictame da comisión:

“Vista a certificación do acordo plenario presentada polo Concello de Irixoa na que se contén a solicitude de cambio de dúas das obras que o concello ten incluídas no Plan 2000 infraestructuras- anualidade 1999, 1ª fase que foi aprobada por acordo plenario do 30 de outubro de 1998, por unha obra nova.

1º.-Anular as seguintes obras do Concello de Irixoa incluídas no Plan 2000 infraestructuras-anualidade 1999:

<u>OBRAS QUE SE ANULAN</u>			
<u>Código</u>	<u>Concello</u>	<u>Denominación</u>	<u>Orzamento €</u>
99.3400.1167.0	Irixoa	Captación e depósito na Viña	30.050,61
99.3400.1171.0	Irixoa	Traída de auga a Ambroa, 1 Fase	54.091,09
		TOTAL	84.141,7

2º.-Aprobar a inclusión da obra que de seguido se relaciona no Plan 2000 infraestructuras-anualidade 1999 do Concello de Irixoa, en substitución das obras anuladas relacionadas no apartado anterior, sendo o orzamento da nova obra idéntico á suma dos orzamentos das obras anuladas:

<u>NOVA OBRA QUE SE INCLÚE</u>			
<u>Código</u>	<u>Concello</u>	<u>Denominación</u>	<u>Orzamento</u>
99.3400.1479.0	Irixoa	Saneamento en Lapido	84.141,70 €

3º.-Disponer a exposición pública mediante a publicación dun anuncio no BOP para os efectos de que durante o prazo de 10 días poidan presentarse as alegacións oportunas, entendéndose definitivamente aprobado no caso de non presentarse ningunha.

4º.-Remitir o expediente a informe da Xunta de Galicia e da Comisión Galega de Cooperación local para os efectos de coordinación establecidos nos arts. 187 e ss. da Lei 5/97, do 22 de xullo de 1997, de administración local de Galicia, debendo considerarse emitido favorablemente unha vez transcorridos 10 días desde a súa solicitude.

5º.-A contratación e execución da nova obra será realizada polo Concello de Irixoa, e o seu financiamento realizarase con cargo á partida 0501/519Z/76287 destinada a financiar o Plan 2000 de infraestructuras-obras contratadas polos concellos.”

8.- APROBACIÓN DE CAMBIO DA OBRA “ENSANCHE E PAVIMENTACIÓN DO CAMIÑO CASTRO-NOGUEIROSA” CÓDIGO 02.3810.0062.0 DO CONCELLO DE PONTEDEUME, INCLUÍDA NO PLAN XXI DE REINVESTIMENTO DE BAIXAS EN OBRAS MUNICIPAIS 2002, POLA OBRA “SANEAMENTO E ASFALTADO NO CAMIÑO CASTRO-FREIXEIRO” CÓDIGO 02.3810.0091.0.

Por unanimidade, apróbase o seguinte dictame da comisión:

“Vista a certificación do acordo plenario presentado polo Concello de Pontedeume na que se contén a solicitude de cambio de obra que o concello ten incluída no Plan XXI de reinvestimento de baixas en obras municipais 2002 aprobado mediante acordo plenario con data do 3 de maio de 2002.

1º.-Anular a seguinte obra do Concello de Pontedeume incluída no Plan XXI de reinvestimento de baixas 2002:

<u>OBRAS QUE SE ANULAN</u>					
Código	Concello	Denominación	Deputación	Concello	
02.3810.0062.0	Pontedeume	Ensanche e pavimentación camiño Castro-Noigüerosa	11.572,24	40,78	11.613,02

2º.-Aprobar a inclusión da obra que de seguido se relaciona no Plan XXI de reinvestimento de baixas 2000 do Concello de Pontedeume, en substitución da obra anulada mencionada no apartado anterior, sendo o orzamento da nova obra idéntico ó orzamento da obra anulada.

NOVA OBRA QUE SE INCLÚE

Código	Concello	Denominación	Deputación	Concello	
Orzamento € 02.3810.0091.0	Pontedeume	Saneamento e asfaltado encamiño Castro-Freixeiro	11.572,24	40,78	11.613,02

3º.-Dispoñer a exposición pública mediante a publicación dun anuncio no BOP para os efectos de que durante o prazo de 10 días poidan presentarse as alegacións oportunas, entendéndose definitivamente aprobado no caso de non presentarse ningunha.

4º.-Remitir o expediente a informe da Xunta de Galicia e da Comisión Galega de Cooperación local para os efectos de coordinación establecidos nos arts. 187 e ss. da Lei 5/97, do 22 de xullo de 1997, de administración local de Galicia, debendo considerarse emitido favorablemente unha vez transcorridos 10 días desde a súa solicitude.”

9.- APROBACIÓN DA 3ª FASE DA ANUALIDADE 2001 DO PLAN 2000 DEPORTES 1998-2001.

INTERVENCIONS

Sr. Rodríguez Doval

Simplemente para indicar que a nosa posición, igual cás fases anteriores que se refiren a este plan, vai ser a de abstención, condicionado a isto, entendemos nosoutros, pola falta de criterios claros e transparentes, e fundamentalmente pola falta dunha programación que nos permita, non ir a velas vir, senón definir actuacións ó mellor a longo prazo, e o de sempre seguramente que as que están aquí teñen que estar, pero un ás veces faise a pregunta de por qué non están outras que non están. Neste senso, manter unha posición de abstención nesta terceira fase, igual ca na primeira fase e a segunda. Moitas grazias.

VOTACIÓN

Votan a favor: 27 deputados (16 do PP e 11 do PSOE)

Votan en contra: ningún deputado

Abstéñense: 4 deputados (BNG)

ACORDO

Apróbase o seguinte dictame da comisión:

“Vistos os proxectos técnicos adaptados ás parcelas das instalacións que se indican no anexo a este acordo incluídas na programación plurianual do Plan 2000 deportes anualidades 1998-2001, que foi aprobada polo Pleno da deputación en sesión celebrada o 29 de maio de 1998 e cunhas bases reguladoras que foron aprobadas polo Pleno da deputación en sesión celebrada o 27-2-1998 e publicadas no BOP núm. 48 do 28-2-1998.

Vista a documentación xustificativa remitida polas respectivos concellos, e en particular a documentación remitida polo Concello de Lousame tocante ó cambio de parcela onde se vai realizar a instalación, así como a remitida polo Concello de Zas tocante ó cambio de módulos do campo de fútbol.

E ó abeiro do establecido nos apartados 3 e 4 do artigo 69 do real decreto legislativo 2/2000, do 16 de xuño, polo que se aproba o texto refundido da lei de contratos das administracións públicas, polo que se regulan os expedientes de contratación con financiamento anticipado.

1º.-Aprobar a terceira fase da anualidade 2001 do Plan 2000 deportes na que se inclúe a realización das instalacións deportivas que se relacionan no anexo a este acordo, incluídas na Programación plurianual deste plan provincial con execución anual para a anualidade 2001, e cunha distribución do financiamento entre deputación e concellos que se detalla con carácter de financiamento anticipado con cargo ó exercicio orzamentario 2003.

2º.-Aprobar os proxectos técnicos das obras incluídas nesta fase, así como o cambio de parcela do campo de fútbol de Lousame e o cambio de módulos do campo de fútbol de Zas.

3º.-As cifras globais de financiamento desta fase son as seguintes:

Achegas	Anualidade 2001
DEPUTACIÓN	805.779,87
ACHEGA CONCELLOS	150.090,76
CONC. PLAN 2000 INFR.	15.025,3
TOTAL EUROS...	970.895,93

O financiamento desta fase do plan realízase con carácter anticipado con cargo ó exercicio orzamentario 2003, xa que no proxecto de orzamento da anualidade 2003, actualmente en trámite de elaboración, figura unha proposta de crédito que se vai incluír na partida do Plan 2000 deportes 0501/452D/60189, suficiente para o financiamento desta fase do plan.

4º.-Condicionar a aprobación da presente fase do plan á condición suspensiva de existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio orzamentario da anualidade 2003.

5º.-Someter o presente plan a exposición pública polo prazo de 10 días mediante a publicación dun anuncio no BOP co obxecto de que se formulen as alegacións que se consideren oportunas, así como remitilo no mesmo prazo para coñecemento e informe á Xunta de Galicia e á Comisión Galega de Cooperación Local. No caso de non presentarse alegacións ou reclamacións a este entenderase definitivamente aprobado”.

ANEXO Ó EXPEDIENTE DE APROBACIÓN DAS OBRAS DA 3ª FASE DA ANUALIDADE 2001 DO PLAN 2000 DEPORTES

Código	Concello/Denominación/Módulos	Orzamento total	1998	1999	2000	2001
01-3420-0146.0	LOUSAME	Deputación 256.198,34	0,00	0,00	0,00	256.198,34
	CAMPO DE FÚTBOL CABANETAN 2, 3, 4a, 5	Conc. Fondos Propios 36.601,64	0,00	0,00	0,00	36.601,64
		Conc. P. 2000 Infraest. 0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
		Total 292.799,98	0,00	0,00	0,00	292.799,98
	Total Concello 292.799,98	0,00	0,00	0,00	292.799,98	
01-3420-0148.0	MONFERO	Deputación 374.777,16	0,00	0,00	0,00	374.777,16
	PISCINA DESCUBERTA COMPLETA	Conc. Fondos Propios 0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
		Conc. P 2000 Infraest. 15.025,30	0,00	0,00	0,00	15.025,30
		Total 389.802,46	0,00	0,00	0,00	38.802,46
	Total Concello 389.802,46	0,00	0,00	0,00	389.802,46	
01-3420-0157.0	ZAS	Deputación 174.804,37	0,00	0,00	0,00	174.804,37
	CAMPO DE FÚTBOL GANDARA DE ZAS 6b	Conc. Fondos Propios 113.489,12	0,00	0,00	0,00	113.489,12
		Conc. P 2000 Infraest. 0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
		Total 288.293,49	0,00	0,00	0,00	288.293,49
	Total Concello 288.293,49	0,00	0,00	0,0	288.293,49	
RESUMO DA 3ª FASE ANUALIDADE 2001	Deputación 805.779,87	0,00	0,00	0,00	805.779,87	
	Achega Concello 150.090,76	0,00	0,00	0,00	150.090,76	
	Conc. P 2000 Infraest. 15.025,30	0,00	0,00	0,00	15.025,30	
	TOTAL 970.895,93	0,00	0,00	0,00	970.895,93	

10.- APROBACIÓN DO NOVO PROXECTO DE TERMINACIÓN DA OBRA “INSTALACIÓN DE REMO E PIRAGÜISMO NA PRAIA DE TAPIA “ DO CONCELLO DE AMES, INCLUÍDO NA 2ª FASE DA ANUALIDADE 1998 DO PLAN 2000 DEPORTES. CÓDIGO 98.3420.0005.0.

INTERVENCIONS

Sr. Rodríguez Doval

Adiantando que imos manter unha posición de abstención neste punto, non quixera perderme, primeiro porque é obrigado case case que interveña porque a miña compañeira practicamente desde que está aquí leva un sufrimento permanente preguntando que é o que pasaba coa famosa instalación de remo e piragüismo na praia de Tapia no concello de Ames, e a verdade que ata o día de hoxe, que se vai aprobar definitivamente este reformado aquí, pois case case non sabemos parte de cómo se vai resolver, aínda que nos quedan moitas dúbidas de por que se vai resolver cómo se resolve, e que é o que realmente pasou.

Estamos falando aquí dunha obra, máis nada e nada menos, que foi aprobada polo pleno da deputación no ano 98, o 29 de maio de 1998, e ata hoxe sufriu toda unha serie de problemas, por denominalo dalgunha maneira, que nosoutros pensamos que evidencian que primeiro por un lado a falta que hai de dilixencia na xestión por parte dalgunhas obras, no caso concreto dalgúns concellos; e despois, algo que para nosoutros é importante, no que vimos insistindo desde hai bastante tempo, que é a complexidade que introduce esta casa nese abano ta amplo de plans, fases e anualidades de cousas, que seguramente se se fixera algún día un debate chegaríamos á conclusión de que o mellor é racionalizar os instrumentos de cooperación, e sobre todo a xestión, para evitar que algunhas obras leven, desde que se aproban ata que finalmente se poidan facer, pois a frioleira de cinco anos. En calquera caso, isto vai unido a algo que xa estamos evidenciando desde hai bastante tempo, os reformados, e sobre todo na cantidade coa que soluciona os reformados. Nosoutros estamos utilizando o sistema de reformados para darlle unha solución que convertemos en normal a situacións que son excepcionais. O caso concreto desta obra é o caso máis excepcional que hai, porque hai máis nada e nada menos ca un aumento sobre o orzamento de contrata de 137.377 euros, é dicir, unha cantidade tremenda que tira po terra o proxecto inicial que se fixo, a aprobación inicial que se fixo, a contratación que se fixo, contratación por certo sometida tamén a unha serie de pormenores que habería seguramente que aclarar aquí, e que por certo tampouco veñen aclarados dunha maneira moi clara dentro dos informes que se fan, pero que en todo caso revelan iso, que a falta de capacidade e a falta de xestión dalgunhas outras, e a falta de dilixencia dalgunhas obras suplémola coma sempre, cos fondos desta casa, que temos moitos, xa quedou claro hoxe aquí que hai moitos fondos. E nosoutros, en todo caso, efectivamente, igual que fixemos con anterioridade imos absternos na votación, pero indicar

que por máis que nos parecera que solucionaríamos con aquel acordo que tomabamos de que os orzamentos que non tiveron tal que se tramitaran..., aínda seguen en vigor moitísimos reformados que supoñen cantidades importantísimas, que fan que ó fin as obras que se executen non teñan en absoluto nada que ver coas obras que se deseñaron nun principio, porque chegan mal, porque chegan tarde, e ademais porque chegan cun incremento económico tremendo que nosoutros pensamos que tamén nalgún caso habería que empezar a falar de responsabilidades, de por qué se producen estas situacións, ben sexa dos contratistas, ou ben sexa da propia deputación, e que non esteamos aquí solucionando, botando sempre, como di o outro: “o lixo debaixo da alfombra para que non se vexa”.

Neste senso, reiterar a nosa posición de abstención neste tema, tanto coma noutros que supoñen incremento de orzamento ó que inicialmente estaba previsto.

Sr. presidente

Sen dúbida a Sra. Candocia, e todos nosoutros, eu creo que estivemos remando moito tempo por este tema, pero por motivos alleos á vontade desta institución, por unha problemática contratista, etc., etc.

VOTACIÓN

Votan a favor: 27 deputados (16 do PP e 11 do PSOE)

Votan en contra: ningún deputado

Abstéñense: 4 deputados (BNG)

ACORDO

Apróbase o seguinte dictame da comisión:

“Vista a R.P. núm. 20.504 con data do 29.11.2001 pola que se declara deserto o concurso para a contratación do Proxecto de terminación da obra “Instalación de remo e piragüismo na praia de Tapia” do Concello de Ames, por importe de 114.492,79 € (19.049.999 ptas.) incluída no Plan 2000 deportes-anualidade 1998.

Visto o novo proxecto de terminación da obra presentada polo Servicio Provincial de Arquitectura, no que se recollen as obras necesarias para o seu remate, procede:

1º) Aprobar por un importe total de 137.377,11 € sobre o orzamento de contrata, o novo proxecto de terminación da obra “Instalación de remo e piragüismo na praia de Tapia” do Concello de Ames, co código 98.3420.0005.5 incluída no Plan 2000 deportes-anualidade 1998.

Aprobar, así mesmo, a modificación do financiamento por razón do incremento experimentado no orzamento do novo proxecto de terminación da obra que ascende a 22.884,31 € sobre contrata.

Este incremento financiarase integramente pola deputación.

Con isto, os datos de financiamento da obra ofrecen o seguinte resumo:

Proxecto novo (Código 98.3420.0005.5)	
Achegas	Orzamento contrata
Deputación	120.409,29
Concello	16.967,82
Total...	137.377,11

2º) Someter este expediente a exposición pública por prazo de 10 días mediante a publicación dun anuncio no BOP co obxecto de que se formulen as alegacións que se consideren oportunas, así como remitilo polo mesmo prazo para coñecemento e informe á Xunta de Galicia e á Comisión Galega de Cooperación Local.

No caso de non presentarse alegacións ou reclamacións a este, entenderase definitivamente aprobado.”

11.- APROBACIÓN DA PRIMEIRA PROGRAMACIÓN PLURIANUAL DAS OBRAS QUE SE VAN CONTRATAR POLA DEPUTACIÓN INCLUÍDAS NO IV CONVENIO DE COOPERACIÓN SUBSCRITO ENTRE A XUNTA DE GALICIA E A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA 2002-2006 PARA A REFORMA E CONSTRUCCIÓN DE INSTALACIÓNS DEPORTIVAS MUNICIPAIS.

INTERVENCIONS

Sr. presidente

A este punto hai unha emenda do grupo popular, que creo que a teñen xa na súa man, entón rógole que defenda vostede a emenda, Sr. Crespo, e entramos xa no debate.

Sr. López Crespo

A emenda é só para que na programación que aparece de anualidades os concellos que non figuran no ano 2003, si teñen a vontade política e a súa economía llo permite, que poidan adicar a porcentaxe que eles poñen para a obra neste primeiro ano para que así a deputación poida contratar. Un exemplo práctico: o concello xe ten un campo de fútbol para o ano 2004 e 2005 e ten que facer unha achega do 18%, se esa achega do 18% o quere pór no 2003, a deputación sacaría esa obra a contratación xa no ano 2003. Neste senso vai a modificación, porque senón, non se podería modificar a programación establecida e feito o dictame na comisión informativa. Non é máis ca iso.

Sr. Rodríguez Doval

Nosoutros imos pedir que este punto quede sobre a mesa. Non é pola emenda ¡eh! o da emenda é unha cousa de carácter técnico e ademais dun bo siso e senso común, senón polo contido propio do conxunto da proposta que se trae.

É certo que -eu non quero negalo-, a min non me sorprende nada que esta proposta -ó noso grupo en conxunto-, non nos sorprende nada que esta proposta veña aquí porque esta é a expresión gráfica e concreta do debate que tiñamos no Pleno do día 26 de xullo deste ano ó redor das bases, é dicir, as bases son o miolo da cuestión e a clave para entender por qué vén esta proposta e non vén outra. Pero en calquera caso, si quería recuperar para coñecemento e para refrescarnos un pouco a memoria que o día que aprobamos esas bases, esas bases que teoricamente serían o mecanismo de tipo técnico administrativo que regularían a conformación deste plan de carácter plurianual e convenio entre esta deputación e a Xunta de Galicia, e digo iso porque é importante sabelo, pois ese debate viña xa precedido dalgunhas aseveracións ou dalgúns reparos postos, en concreto polos informes que facían a Sección de Patrimonio e Contratación, que hai que recuperar hoxe para que se saiba ó final cómo chegamos a isto, no punto 2 do informe de Patrimonio e Contratación dicíase textualmente: “... no expediente non consta a situación actual da provincia da Coruña no que se refire ás instalacións deportivas, co fin de elaborar uns criterios obxectivos precisaríase dispor polo menos da seguinte información: número de instalacións deportivas...” -e segue para adiante-; noutro apartado deste informe, na páxina 3, dise: “... non se establece no texto que se está analizando un calendario de desenvolvemento do convenio, unha programación cronolóxica detallada de execución das obras ou instalacións onde se debería de fixar un prazo mínimo para a convocatoria de solicitudes...” En fin, que como se pode ver aquí, e leo tamén o que pon noutro parágrafo: “...non se establece un período de información pública conforme ó principio de publicidade e igualdade co fin de que tódolos concellos, dentro do prazo establecido, formulen as súas solicitudes en modelos formalizados nos que se detalla claramente a documentación que se vai achegar”. Estamos falando aquí de algo moi serio, dicía eu, que dalgunha forma debería de estar regulado.

Ben, esas son as bases que aprobamos o día 26 de xullo, ese é o mecanismo que regula a conformación de todo este plan; polo tanto, hai un regulamento que non aclara a situación da realidade sobre a que se vai actuar, hai un regulamento que non define os criterios para elaborar a proposta, e que non concreta tampouco, efectivamente, unha política conveniada, senón exclusivamente, e xa se dixo aquí, e eu lamento ser outra vez pesado, pero hai que dicilo, senón unha política que sexa exclusivamente de subvención ó que dispoña a Xunta de Galicia, por iso eu antes felicitaba a esta institución, que neste punto tamén vai gañar unha nova medalla de confianza por parte da Administración autonómica.

Claro, se a proposta do convenio que aprobamos é así, os resultados dese convenio son os que son, é dicir, non se pode pretender que veña unha proposta onde figuren criterios porque xa temos unhas bases que nin sequera piden iso. Por certo, dise na acta, eu fun mirar o expediente hoxe pola mañá e manifesto que confiaba en que xuntamente coa acta, que é un folio e medio, hai unha acta asinada polos representantes da deputación e da Xunta de Galicia, hai unha acta de folio e medio, onde se fala de estudos achegados polas respectivas Administracións, que tamén se fala nas bases, nas bases, nas bases aínda que non se poñan algunhas cousas claras, outras si o están, e dise que as propostas terán que vir avaladas, ou dalgunha forma tomadas en base ós estudos que exista nas diferentes Administracións. Eu pregunto onde está o estudio, onde se sabe a realidade infraestructural en materia deportiva da provincia da Coruña, e o que levou a que figuren as obras que se inclúen neste apartado, e a que non figuren neste caso outras.

Díxose xa o outro día na comisión, e non sei se é así, que vén un grupo de obras como poderían vir outras; o que pasa é que veñen algunhas e non veñen outras, estamos no debate. Entón, simplemente por unha cuestión de mera transparencia sería interesante achegar algún dato de carácter estatístico, ou de importancia política, ou dos anos que se leva agardando, ou daquela frase famosa de “entrarán aquelas que non entraron nos convenios anteriores”, que tampouco é así porque algunha das que veñen son as que quedaron sen facer dos convenios anteriores.

Eu xa sei, e o noso grupo comparte, que as necesidades da provincia nesta materia son moitísimas, pero prioricémola e cando vaiamos facer un convenio plurianual saibamos o conxunto do convenio e desenvolvamos cada unha das súas anualidades. E aquí é onde hai outra vez outro factor que distorsiona total e absolutamente todo. Nosoutros pensamos, e perdóeseme a expresión porque é unha expresión en termos políticos, que a propota que se vai aprobar hoxe aquí é unha proposta vexatoria para a Deputación da Coruña, porque nin sequera sendo unha actuación do convenio, nin sequera no aspecto de participación económica se asume que quen máis ten máis achega, nin sequera que achegamos un 50%, ou que achegamos en partes iguais; se alguén vai ó contido que aprobamos por certo cando se fixo o convenio, saberase que froito dese convenio a achega da Xunta de Galicia para o ano

2002 son 90.000 euros, e a da Deputación da Coruña para ese mesmo ano son 2.253.795 euros; para o ano 2003, para o ano que vén, a achega da Xunta é 1.051.500 euros, e a da Deputación da Coruña é similar á deste ano 2.253.795 euros; para o ano 2004, a achega da Xunta de Galicia sube un pouco, son 2.252.500 euros, e a da Deputación da Coruña é de 2.253.795 euros.

Quero dicir que nestes tres anos, os tres primeiros de funcionamento, nin sequera as achegas que fai a Xunta de Galicia son similares ás da Deputación da Coruña; é máis, as achegas que fai nestes tres anos a Deputación da Coruña son o dobre das que fai a Xunta de Galicia. Pois ¡vaia convenio!, ¡vaia convenio que facemos!, tiramos a casa pola fiestra, como se adoitaba dicir.

E en segundo lugar, nosoutros pensamos, e xa termino coa nosa pregunta, polos datos que temos que habería que mirar con lupa determinados proxectos que se inclúen aí. Teño datos conformados de que algún deles, algún deles por certo que vén de que non foi executado ese proxecto, esa obra de convenio non é unha obra nova, senón que non se executou en base ó convenio anterior, que terminaba no ano 2001, e refírome en concreto á do concello de Ferrol. Segundo as miñas información, eu non son técnico e polo tanto someto isto ó debate que poida haber, e digo segundo as miñas informacións, non acredito de que é así porque xa sei tamén que o fuel-oil non se solidifica, entón non acredito, pero paréceme que efectivamente non vai quedar, coa obra que se inclúe que está sen executar do convenio anterior, non vai quedar executado todo o volume de obra que constaba no proxecto inicialmente tramitado por parte do concello de Ferrol, é dicir, que non soamente se chega serodio, tres ou catro anos atrás, senón que ademais as unidades de obra que despois figuran aí, segundo as nosas informacións, non abranguen o que estaba previsto desde un principio.

E polo tanto, nosoutros pensamos que hai razóns de fondo, unha de carácter singular, non me meto nos outros, que os descoñezo, e outra de carácter máis global, que eu penso que aconsellarían que este tema quedara sobre a mesa, que lle deramos un cativo repaso, que non pasa absolutamente nada, e sobre todo que mantiveramos coa Xunta de Galicia, que eu creo que isto non é establecer convenio ningún; isto é ir para adiante, soltar o cheque, e en fin, como se dicía antes, valen máis os cheques cás palabras, pero ben, neste caso, habería que falar algo tamén ¿non?, penso eu. Ben, nosoutros ímonos abster, pero pedimos antes que o tema quede sobre a mesa.

Sr. Fernández Moreda

O Sr. Rodríguez Doval acaba de pedir que este tema quede sobre a mesa. Nosoutros pedimos tamén en comisión, que este tema quedara sobre a mesa, e hoxe imos pedir tamén que este tema quede sobre a mesa. Eu comparto case a totalidade das

expresións e os argumentos utilizados polo Sr. Rodríguez Doval, e pídolle ó presidente que, nun exercicio de responsabilidade democrática, retire este tema da orde do día do pleno e déixeo para outra ocasión. E déixeo para outra ocasión porque isto é un insulto á decencia democrática; isto non se pode facer. E eu entendo que vostedes, que actuaron cunha certa pulcritude en tódolos temas non deben de facer agora estas actuacións que empañan a súa actuación nos tres anos anteriores. E por desgracia está pasando o que nosoutros previamos que ía pasar cando se debateron as bases dese convenio; nosoutros votamos en contra desas bases porque pensábase que ía pasar o que está pasando exactamente agora: que se fai un plan de 9.000.000 de euros sen ningunha participación dos concellos, os concellos non tiveron coñecemento, non tiveron a oportunidade de solicitar, de presentar os seus proxectos, non tiveron a oportunidade de que eses proxectos se avalíen, e se acepten ou se rexeiten en función de criterios obxectivos. Isto é unha composición política, da deputación e da Xunta, utilizando os recursos da deputación.

Á parte que conculca, que o dixo moi ben o Sr. Rodríguez Doval, que conculca as bases deste convenio que serve de base para o punto que se nos trae hoxe aquí. Eu lembro que no Pleno do 28 de setembro do ano 2001, hai agora un ano, ante unha pregunta da Sra. Vázquez Veras, o Sr. presidente respondeu: “É ben certo que no último, que está a finalizar, convenio entre a Secretaría Xeral para o deporte da Xunta de Galicia e esta deputación, prevíase esta obra -obra que dicía a Sra. Vázquez Veras-, igual que outra en Cerceda, como un anexo esperando que houbera as baixas suficientes para tratalas. En Cerceda. O Centro Náutico Deportivo de Remo e Piragüismo, por 30 millóns de pesetas non se puido facer porque non se produciron estas baixas. O que lle podo dicir é que no vindeiro convenio que en breve faremos coa Xunta de Galicia...” -e volvo a repetir, concretamente coa Secretaría Xeral para o Deporte, que é este-, “...serán contempladas esas dúas obras”. A obra do municipio de Cerceda non está contemplada, pero as bases do convenio que se asinou coa Xunta, no punto terceiro: determinación das obras, no apartado b) di: “terán preferencia aquelas actuacións que estando previstas en convenios anteriores non fora posible a súa contratación”. A obra de Cerceda estaba prevista no convenio anterior, tería que estar incluída nesta relación de obras e non está incluída. Esta é unha anécdota significativa de cómo se están facendo as cousas; estanse incumprindo as bases, e estanse incumprindo os principios xerais do dereito administrativo, calquera acto de recoñecemento de dereitos ten que estar motivado, e que aquí non existe ningunha motivación; ¿por que van estas obras e non van outras?, ¿que oportunidades tiveron os concellos de participar neste convenio?, ¿onde está, que o pedía o Sr. Rodríguez Doval, a acta? porque a acta que é dun folio e medio di: “a comisión trala exposición e estudos entregados polas respectivas Administracións tocante coas necesidades máis perentorias que presenta a infraestrutura deportiva na provincia da Coruña, adopta por unanimidade de tódolos seus integrantes os acordos que a seguir se transcriben”. ¿Onde están eses estudos achegados polas distintas Administracións?, ¿é que algunha Administración local tivo a oportunidade de presentar as súas demandas, as súas necesidades?, ¿como é posible que se diga...?, porque aquí a Xunta

non paga nada, dos nove millóns a Xunta non pon nin unha soa peseta, e hai actuacións que van ata o ano 2005. Pero o apartado 3 desa acta da sesión celebrada pola Comisión Paritaria di: "... a medida que as actuacións aquí programadas se materialicen, ou polo menos logren un adecuado nivel de consolidación e formalización administrativa, efectuaranse novas programacións ata lograr os importes comprometidos no convenio de referencia". ¿Que significa isto? Que ata que non estean as obras postas en marcha cun nivel de consolidación e formalización administrativa, obras, que se financian algunhas no ano 2005, non se van facer máis. ¿Que significa isto? É unha posible interpretación. Pero isto digo que son anécdotas para pór de manifesto as carencias deste convenio: o problema principal que hai aquí é que se conculcan tódolos principios, o de concorrencia, o de oportunidade, que se lle negan as oportunidades ós concellos de presentar as súas demandas, son nove millóns de euros que a deputación vai financiar, e ¿que oportunidades teñen os concellos de presentar as súas demandas?, ¿pedíuselles a algúns?, noutros casos, cando hai a obriga e hai obras que están sen financiar desde o primeiro convenio.

Sr. Doval, vostede dicía antes que a obra de Ames viña do ano 98, acabamos de aprobar un reformado tamén do ano 98, hai obras do primeiro convenio que están sen financiar e sen executar, fíxense vostedes que no anterior equipo de goberno desta deputación fixera un plan para pagar as certificacións nunha semana, deben estar os técnicos alemáns, que viñeran ver ese procedemento novo que era algo de referencia en toda Europa, deben estar abraiados coa axilidade con que se paga, é que non soamente non se paga nunha semana, senón que en catro anos non se fan as obras.

Entendemos, Sr. presidente, que este é un tema que dada a magnitude económica que implica, e dada a transcendencia, e que son obras que se van facer entre o ano 2002 e 2005, onde non se tivo ningunha oportunidade de opinar, onde a acta que se nos di que obras se recollen ó abeiro deste convenio non está motivada, que é un principio elemental do dereito administrativo, motivar os actos que xeran dereitos, que se están incumprindo as bases que din que "... terán preferencia aquelas actuacións que estando previstas non se realizasen", que mesmo hai unha promesa formal do presidente hai un ano que di que esa obra que se quedou vaise meter, vaise incluír, e dado que o Bloque Nacionalista Galego pide que se deixe sobre a mesa, que o grupo socialista pide que se deixe sobre a mesa, que os dous grupos de oposición piden que se deixe sobre a mesa, que o piden con boas palabras e con boas formas, no ánimo de facer isto, pero de facelo ben, nosoutros solicitamos que tamén o grupo de goberno sexa sensible a estas explicacións, sexa sensible a estes argumentos, faga un exercicio de responsabilidade democrática, déixeo encima da mesa, que se estudie con tranquilidade, porque senón de verdade, é un insulto á decencia democrática, enténdao co que quere dicir, á actuación pura do que debe de ser o exercicio do poder. O exercicio do poder non debe realizarse reservándose ámbitos de actuación discrecional, iso é a discrecionalidade elevada á enésima potencia, vai o que se quere que vaia, non vai o que non se quere que vaia, non se dá a oportunidade a ninguén de opinar, de solicitar, de

argumentar, de explicarse, e nembargantes comprometemos nove millóns de euros desta deputación de aquí ó ano 2005, coa particularidade dunha cláusula nesa acta que se nos manda, que vén sen motivar, dicindo que, ben, que poderán facerse novas programacións a medida que se vaian consolidando as obras aquí aprobadas e se vaian formalizando tódolos trámites administrativos.

Sr. presidente, nosoutros pedimos que quede sobre a mesa, que o retire, e que se estudie con tranquilidade; pódense facer agora ou dentro de dous meses. Máis nada e moitas gracias.

Sr. López Crespo

Despois de escoitar ós voceiros do BNG e do PSOE eu quería que reflexionaran sobre a miña intervención en tres eixes principais. Primeiro, estase tratando un convenio e non un plan, fago esta aclaración porque non se rexen igual no que é a oferta ós concellos un convenio ca un plan. Segundo, este convenio ten un corsé orzamentario, que está aprobado nas bases, e que ten unhas contías, ese corsé define ata onde se pode chegar nas actuacións. E terceiro, a complexidade dos criterios, que os fai dificilmente materializables nun documento. Cando falo de complexidades non me refiro a escuros intereses; refírome a diversos compoñentes que o equipo que redactou esta programación tivo en conta á hora de definilo.

En todo caso, para empezar, direi que non é certo que se fagan as obras que se queiran e que se deixen as que non se queiran; non é certo iso; o quere ou non quere, é un exercicio de poder e esta programación está feita, cando menos, con sensibilidade, pode haber algunha desviación da sensibilidade, non se discute; o que non hai é carencia de sensibilidade.

En primeiro lugar, cando di tamén o BNG e o PSOE que a Xunta non pon nada, ben, pois esa é unha verdade; non pon nada nas obras que se aproban nesta programación da deputación, non pon nada, pero precisamente a virtualidade deste convenio é do maior senso común que hai cando actúan distintas Administracións, e ten por o xectivo prioritario, non só para actuacións por parte da Deputación e da Xunta de Galicia a través da Secretaría Xeral, polo tanto e así se establece nas bases, unha vez programadas as actuacións, define esa comisión cales vai executar a Secretaría Xeral e cales vai executar a deputación, contando as achegas dos concellos, van estar nos dous mil millóns de pesetas, é dicir, que pon o mesmo no total da provincia a deputación cá Xunta.

Sr. Doval, é moi traicioneira a forma que ten vostede de coller os números, efectivamente, cóllense os tres primeiros anos, comproba que no primeiro ano a Xunta non pon nada ou pon pouco, no segundo ano tamén pon pouco..., ben, iso é un problema

gravísimo xogar así coa estatística, xogar así coas matemáticas, correr o risco que lle ocorra coma o bañador dos humanos: que é moi importante o que ensinan pero é máis importante o que ocultan. Vostede está ensinando que nos tres primeiros anos pon máis a Xunta; sume o total do convenio e verá como poñen igual os dous, hai solidariedade.

O da publicidade e concorrência. De verdade, sexamos pragmáticos porque esta é unha corporación formada por políticos municipais que estén en contacto coa cidadanía, é posible que non houbera publicidade e concorrência, non é posible; é seguro; pero eu podo asegurarlles ós membros desta cámara que non houbo alcalde con necesidade de instalacións deportivas que non falara con este deputado ou co secretario xeral para o Deporte, nin está reflectido en ningún escrito, nin está reflectida a oferta da deputación dos alcaldes, tódolos alcaldes somos moi hábiles especialmente en ver a onde se pode ir en busca de recursos para os nosos concellos, co único obxectivo de satisfacer ós nosos veciños, non con outros. Non hai ningún alcalde da provincia da Coruña con necesidades de instalacións deportivas, que non se dirixira ou a este deputado ou ó secretario xeral de Deportes. Proba disto é que a comisión, cando se reúne manexa unha relación de 65 concellos nos que se ven as valoracións, ¿que sucede? que as necesidades que había nesas 65 concellos supoñían un investimento de 7000 millóns de pesetas, e como dicía ó principio, o corsé estaba situado entre a achega da Xunta e a deputación e os concellos, estaba en 4000 millóns de pesetas. Aí é onde vén iso que digo de posibles desvíos de sensibilidade para decidir unhas ou outras pero hai a necesidade orzamentaria de decidir. É posible que se fixeramos unha relación totalmente distinta estivera o mesmo de ben ou estivera o mesmo de mal, iso asumímolo porque temos que tomar a decisión, pero tamén é certo que a comisión, cos criterios que manexou, considera que son estas as obras que neste momento debían de acometerse. Sería moi longo agora empezar a explicar da primeira actuación á última, xustificando un por un, sería moi longo, moi difícil, e non tería senso, pero si quero salientar algúns aspectos que poidan ser importantes para esta corporación: hai moitos anos as instalacións deportivas tiñan un compoñente practicamente de tipo deportivo, como a tiñan só de tipo deportivo é posible que os criterios de poboación, distancia a outros centros, fora predominante; pero a sociedade vai avanzando, os cidadáns van demandando máis servizos, e a Administración, afortunadamente vaíllos ofrecendo, entón certas instalacións deportivas que tiñan exclusivamente a compoñente deportiva na súa función agora mesmo ten outros compoñentes, xa estamos na lúdico-deportiva, xa estamos na terapéutica-deportiva, e xa estamos atomizando máis a terapéutica-deportiva: terapéutico-xeriátrico-deportiva, e se seguimos así: terapéutico-xeriátrico-minusválido-deportiva. Entón iso é o que fai ás veces que algunha actuación que aquí aparece poida resultar eventualmente rechamante, pero a verdade é que volvendo a esa sensibilidade da comisión tería razóns suficientes para dicir que se fai esa e non outra. En todo caso tamén percibiu a comisión que a dotación de infraestruturas deportivas na provincia, afortunadamente hoxe está no que podemos denominar unha media-alta con respecto ó total de Galicia e nunha media-alta no que respecto ó total de España.

Esperamos que con estas actuacións, que por certo, o de dicir que empezan agora e acaban no 2005, dentro do pragmatismo político municipal é certo, pero tamén é certa outra cousa: que os cidadáns cando ven, desde o primeiro letreiro que di: “terreos adquiridos para a construción de polideportivo” xa empezan a sentir a satisfacción desa obra. Entón agardamos que os servicios da deputación executen con rapidez o da contratación, que teñamos sorte coas empresas contratadas, e a partir de aí que teñamos sorte e que en lugar de acabar no 2005 acaben no 2003. Chamo a atención sobre o que digo de que desde o primeiro cartel os veciños senten a felicidade e a satisfacción da obra, os veciños; os políticos sentimos algo máis ca felicidade.

Respecto á actuación de Ferrol, Sr. Doval, tamén pode ter algo de razón, pero eu vou tratar de explicarlle, así de maneira esquemática e por encima Ferrol tiña, por definilo cunha desviación semántica de débeda, tiña a deputación unha certa débeda con Ferrol, por iso a Deputación da Coruña agora no 2002, non sei se antes de decembro ou xaneiro, vai contratar as pistas da Malata, que foran sacadas a concurso dúas veces, e por razón do orzamento ningunha empresa se presentou, os Servicios de Arquitectura da deputación fixeron unha revaloración do proxecto, sacáronlle unidades de obra, e vano sacar agora aproximadamente con 141 millóns de pesetas daquelas unidades de obra máis importantes. E dicía vostede “e non se vai completar o proxecto”, niso non ten toda a razón, porque esta comisión, sensible a ese feito, tamén a inclúe no convenio 2002-2005, e por iso lle asigna 601.000 millóns de pesetas para que o concello de Ferrol, de decidilo así, coa súa autonomía, coa súa liberdade, poida completar o *photo finish*, as columnas de iluminación para televisar pola noite, a cuberta da recta de chegada, etc., etc., é dicir, o concello de Ferrol vai ter o que se lle debía, e ademais vai ter a opción ó completar o que se lle quita do que se lle debía para que poidan contratalo, e el libremente poida facer un proxecto.

E creo que xa pouco máis queda por dicir, pero por se nalgún intre o desvío de sensibilidades se entende por outro lado, ninguén me pediu explicacións, estounas dando eu, mala cousa cando un dá escusas sen pedirlas, pero ben, a achega total da deputación é de 2000 millóns de pesetas, os concellos gobernados por partidos sinónimos ó da deputación leva aproximadamente 1.100 millóns de pesetas, os concellos gobernados por partidos non sinónimos ó da deputación levan 900 millóns de pesetas, creo que a proporción aritmética que vostedes queren, os criterios moi xustos, no criterio aritmético tamén creo que non estamos moi desviados do que debía ser a media. E non digo máis nada, gracias e agardo que o reconsideren e voten a favor deste convenio, que llo van a agradecer os seus alcaldes tamén.

Sr. Rodríguez Doval

Ben, eu agardo que o agradecemento ou non agradecemento non sexa dos alcaldes senón da cidadanía, ¿non? Os alcaldes ás veces tamén teñen prioridades que non son as que ten a cidadanía. Simplemente quero dicir iso.

No mesmo tono coloquial e pausado do Sr. Crespo vou falar eu. Adiántolle que lamento non poder variar a nosa posición, entre outras cousas porque creo que se nesa aseveración que fixo de que algo de razón tiña, pois para unha vez que teño algo de razón voume amarrar a ela para continuar pensando o que pensaba. Creo ademais, Sr. Crespo, que teño razón porque hai outra cuestión da que non se falou, estou comentando o caso concreto de Ferrol, e xa digo, eu non son un técnico nin coñezo o proxecto, pero si sei que, por exemplo, esa obra tiña que estar executada no convenio anterior e non se fixo, e por exemplo, no convenio anterior a porcentaxe de participación do concello era dun 26,5% e agora pasa a ser do 33%, polo tanto outra dúbida máis que quero introducir aquí, e eu non estou aseverando o que se vaia ou non se vaia facer, senón que en todo caso as obras que chegan creo que chegan dunha maneira un pouco estraña. Por certo, outra das que parece que debería estar aí, porque tamén era compromiso, é o que falamos do concello de Oleiros, a pregunta á que se refería o compañeiro Salvador antes, que tamén era a pregunta que facía a miña compañeira, tamén ese é un “debe” que non figura.

O tema dos números xa sei que é equívoco, eu non o fixen para equivocar, non foi para quedarme cunha parte, creo que tódolos compañeiros e compañeiras teñen o reparto ata o ano 2006, ¿por que llo fixen en catro anos? Porque curiosamente neses catro anos que van desde aquí ata que haxa outra vez eleccións autonómicas, a Xunta practicamente non pon nin puñeteira peseta e a deputación pon moito diñeiro, concretamente o dobre que a Xunta de Galicia, o dobre nunha actuación conveniada. E por certo, eu fago unha gran pregunta: xa que non están eses documentos que acheguen de onde se sacaron os debates técnicos, eu tampouco sei o que vai facer a Xunta, ¿e que vai facer a Xunta en todo isto? Porque aquí temos unha listaxe de obras que se achega que é o que vai facer a Deputación da Coruña, e ¿que é o que vai facer a Xunta?, e ¿en que ano vai facer todo iso?, un convenio 2002-2006 é un convenio 2002-2006, con tódalas obras e co reparto de anualidades e cos compromisos económicos de cada institución, home, que eu supoño que despois se poden variar en función de cuestións e tal, pero aquí todo iso o descoñecemos, sabemos que en función dun convenio que descoñecemos coñecemos unha parte do convenio que é o que nosoutros temos que cumprir, ben, é un convenio un pouco raro ¿non? E eu faría ademais unha chamada, e por iso nosoutros insistimos no tema de que quede sobre a mesa porque entendemos que dubidosamente, por non dicir claramente, estase incumprindo o que está estipulado nas bases, e animo a que se lea en concreto o disposto especificamente no apartado 3: determinación das obras do convenio”, que aprobamos aquí no mes de xullo deste ano, animo a que se lea e se interprete, porque non pon iso, desde logo non pon o que estamos facendo hoxe aquí.

E termino, eu xa sei que tódolos concellos temos máis necesidades, eu creo que non se debería de converter isto nunha especie de paredón onde sacrificuemos ós que están metidos e poñamos medallas para os que non están metidos. Nin me vale a suma que fixo o Sr. Crespo, porque se hai que reorror á cor política que ten cada un dos concellos eu xa sei quen gaña sempre, Sr. Crespo, e trátase de que gañen os cidadáns, xa sabemos quen gañou as eleccións municipais no ámbito da provincia da Coruña, pero ese non é o debate; eu quero ter unha norma que me sirva para que se manteña á marxe da cor política dos que estamos, porque se poñemos na balanza para quen vai o diñeiro, xa sabemos que hai máis concellos que son do Partido Popular ca do PSOE e do BNG, e entón ese reparto non me vale. ¿A que queremos chegar nosoutros, e ese é o debate? A que existan criterios transparentes, tanto na hora da elaboración como na hora da participación. Claro que, como di o Sr. Crespo, a maioría dos alcaldes seguro que foron peregrinando a falar co Sr. Eduardo Lamas ou a falar co Sr. López Crespo pero iso non é a elaboración dun plan, ¡eh!, iso é unha xestión política que, en todo caso, daralle máis forza a un proceso que está regulado ou que debe estar regulado é o proceso de selección, o proceso de participación dos concellos, e despois, cada un de nosoutros, alcaldes ou non, ou cando nos conveña, facemos a nosa xestión política, pero vostede estame dicindo que tódolos alcaldes lle foron pedir ó Sr. Eduardo Lamas, xa o sei, pero iso non é a convocatoria dun plan, iso é unha relación institucional, eu creo que estamos falando de dúas cousas distintas.

Polo tanto, en función diso, nosoutros seguimos mantendo e ademais coincidimos co Sr. Moreda en que isto non ten présa ningunha, o que poidamos perder discutindo nunha reunión máis ou menos, ímolo gañar en transparencia e seguramente tamén en efectividade, para evitar que despois pase o que pase, e que obras que figuran en convenios de catro ou cinco anos non se executen nunca e teñan que ir para o vindeiro, e mesmo que algunha delas non figuren tampouco no próximo. Ese é o senso; non é o senso de ningún pulso ó goberno desta institución; é simplemente intentar desde o noso modesto ánimo e modesta contribución, intentar que as cousas se fagan mellor e que estean, -e insisto moito niso-, á marxe de quen goberna, que estean reguladas, que non importan a cor política, nin quen está nin quen non está, as necesidades son necesidades que non son do PP, do PSOE, nin do BNG, nin de independentes nin de nada: son necesidades dos cidadáns e das cidadás.

Sr. Fernández Moreda

Brevemente. Como dicía o Sr. Doval, estamos falando de cousas distintas, e cando falamos de cousas distintas pois falamos de cousas distintas. O que está claro é que o Sr. López Crespo ten unha gran sensibilidade, e mesmo eu diría que non hai desviacións de sensibilidade, porque é dunha gran sensibilidade dicirlle ós cidadáns de Cerceda, que teñen o cartel posto desde hai catro anos, que sigan como di vostede, deleitándose da felicidade e da

satisfacción da obra, aínda que a obra non se vaia facer. Perdoen a gracia; reitérome no que dixen anteriormente.

Sr. López Crespo

De acordo totalmente, Sr. Doval, o dos alcaldes dicíao eu por aquilo da publicidade e concorrencia, que son os que se informan e non os veciños, eu estou de acordo en que a alegría e satisfacción debe ser para a cidadanía, aí coincidimos, sábeo vostede, no político e no persoal, e ata no espiritual.

O de pór Ferrol co 33%, pois tamén aparece Muros co 37%, por exemplo, non é que a comisión estableza unha maior porcentaxe caprichosa para estes concellos, é que lles dá a posibilidade, porque teñen proxectos de maior volume, que o executen, só que o que fixo a comisión esta vez foi de acordo coa actuación que se dera tipificoulle unha contía, campo de herba: tanto; piscina cuberta: tanto; polideportivo: tanto; entón, se alguén quere facer unha piscina máis bonita ou un polideportivo con máis instalacións, pódeo facer achegando el; de aí que a porcentaxe sexa maior. En todo caso, o de Ferrol, o 33%, aínda no que lle correspondería a concellos de máis de 15.000 habitantes, hai outros concellos, que lembro de memoria porque non teño a relación das obras que vai facer a Xunta, coma ó mellor A Coruña ou Santiago, que van pasar mesmo do 36% ó do 38%, porque eles acéptano e non teñen problema niso.

A obra de Oleiros, que había unha pregunta dunha compañeira súa, Sr. Doval, efectivamente tamén a lembro de memoria, que vai ir na relación da Xunta de Galicia, é dicir, vaise executar e ten unha dotación de 155 millóns de pesetas.

Sigo dicíndolle que non é certo que a deputación poña o dobre cá Xunta; é certo que de aquí ó mellor ata o ano 2004 pon o dobre, pero tamén vostede sabe, por pragmatismo político-municipal, que as obras se empezan e dependendo de como sexa o concurso ou como sexa a empresa, ó mellor sen solución de continuidade, comenza e termina.

En todo caso, as obras da Xunta, 2000 millóns de pesetas, van ser contratadas antes do 2004, antes de 2004; e se os concellos na súa achega, tal e como se fai na emenda que se presenta aquí, queren facela con anterioridade, poderá adxudicarse con anterioridade.

Tamén lle fago outra aclaración á miña intervención: cando falaba da porcentaxe, que xa sei que vostedes non me reclamaran, de concellos dunha color e doutra, evidentemente eu falaba dos concellos, pero estaba, por unha relativización dos números, refiríndome ós cidadáns, que representan, que por aí van máis ou menos. E ningunha intervención máis sobre este tema.

Sr. presidente

Eu creo que con esa gran sensibilidade do delegado de Cultura e Deportes non é necesario que quede sobre a mesa, pero imos sometelo a votación, por suposto.

Procédese á votación de que o asunto quede sobre a mesa.

VOTACIÓN

Votan a favor: 15 deputados (11 do PSOE e 4 do BNG)

Votan en contra: 16 deputados (PP)

Abstéñense: ningún deputado

A seguir, procédese á votación do punto número 11, coa emenda do grupo popular.

VOTACIÓN

Votan a favor: 16 deputados (PP)

Votan en contra: 11 deputados (PSOE)

Abstéñense: 4 deputados (BNG)

ACORDO

Apróbase o seguinte dictame da comisión:

“Vista a acta con data do 14 de novembro de 2002 da Comisión Mixta paritaria integrada por representantes da Xunta de Galicia e da Deputación Provincial da Coruña, prevista no Convenio de cooperación suscrito o 14-10-2002 entre ámbalas dúas administracións para a reforma e construción de instalacións deportivas e que foi aprobado por acordo plenario desta deputación con data do 26-7-2002:

1º.-Aprobar a primeira programación plurianual das obras que se van contratar pola deputación incluídas no Convenio de cooperación suscrito entre a Xunta de Galicia e a Deputación da Coruña 2002-2006 para a reforma e construción de instalacións deportivas, onde se inclúe a relación de actuacións anuais e plurianuais que se han executar durante os anos de vixencia do Convenio, e que se detallan no anexo que se achega.

Os orzamentos das obras que figuran no anexo teñen o carácter de investimento estimado e a súa cuantificación exacta efectuarase na aprobación das correspondentes fases,

unha vez concretado o orzamento de contrata das obras, os honorarios técnicos de redacción e dirección de obra, gastos dervidos do estudio de seguridade e saúde, control de calidade, así como aqueles outros gastos necesarios para a execución das obras.

A achega municipal queda fixada na cantidade que figura na presente Programación Plurianual. Nas obras anuais a achega municipal deberá realizarse na correspondente anualidade en que se inclúe a obra. Nas obras plurianuais o concello deberá optar por financiar na súa totalidade a súa achega municipal na primeira anualidade, ou por dividir a súa achega entre o número de anualidades en que está previsto o seu financiamento e execución, efectuándose o redondeo que no seu caso sexa necesario realizar na última anualidade contemplada na programación. Todo isto determinarase nos respectivos acordos municipais de adhesión. A achega municipal non será obxecto de minoración por aplicación de baixas de licitación.

Non obstante, os concellos poderán imputar na súa totalidade a achega municipal fixada, á anualidade inmediatamente anterior á prevista na programación plurianual para cada unha das obras, sempre que o prazo de execución da obra e o correspondente programa de traballo do proxecto técnico se adecúen ós importes e anualidades resultantes.

2º.-Modificar expresamente as porcentaxes anuais fixadas no artigo 155.5 da Lei 39/1988 do 28 de decembro, reguladora das facendas locais, en uso das facultades conferidas ó pleno da corporación no mencionado artigo.

3º.-Someter o presente Plan a exposición pública polo prazo de 10 días mediante a publicación dun anuncio no BOP co obxecto de que se formulen as alegacións que se consideren oportunas, así como remitilo polo mesmo prazo para coñecemento e informe á Xunta de Galicia e a Comisión Galega de cooperación local.

No caso de non presentarse alegacións ou reclamacións a este, entenderase definitivamente aprobado.

ANEXO. ACTUACIÓN QUE SE VAI CONTRATAR POLA DEPUTACIÓN DA CORUÑA

CONCELLO	ACTUACIÓN	ORZAMENTO	ACHEGA DEP.	ACHE. CONC.	%	2.002	2.003	2.004	2.005
ABEGONDO	Reformado de Polideportivo	425.106,12	348.587,02	76.519,10	18,00	174.293,50	87.146,76	87.146,76	
A BAÑA	Pista polideportivo	420.708,48	344.980,95	75.727,53	18,00	172.490,47	86.245,24	86.245,24	
ARES	Reformado de Polideportivo	439.764,95	360.607,26	79.157,69	18,00	180.303,62	90.151,82	90.151,82	
ARTEIXO	Acondicionamento Zona Deportiva	897.033,00	601.012,11	296.020,89	33,00		360.506,05	120.253,03	120.253,03
BOIMORTO	Acondicionamento do Campo de F	218.182,63	178.909,76	39.272,87	18,00	89.454,88	89.454,88		
CAMBRE	Campo de Fútbol de Herba Sintética	601.012,10	402.678,11	198.333,99	33,00			161.071,24	241.606,87
CAMARIÑA S	Cuberta de Pista Polideportiva	219.882,48	180.303,63	39.578,85	18,00	90.151,82	90.151,81		
CEE	Piscina Cuberta	1.202.000,42	901.500,32	300.500,11	25,00	225.375,08	225.375,08	225.375,08	225.375,08
COIRÓS	Acondicionamento do Campo de F	255.752,23	209.716,83	46.035,40	18,00	104.858,42	104.858,42		
CORISTANCO	Acondicionamento do Campo de F	293.176,63	240.404,84	52.771,79	18,00	120.202,42	102.202,42		
CURTIS	Ximnasio	256.528,34	210.353,24	46.175,10	18,00				210.354,24
FENE	Acondicionamento Zona Deportiva	146.588,31	120.202,41	26.385,90	18,00	120.202,42			
FERROL	Acondicionamento Zona Deportiva	601.012,10	402.678,11	198.333,99	33,00			201.339,06	201.339,05
A LARACHA	Acondicionamento do Campo de F	439.764,95	360.607,26	79.157,69	18,00	252.425,08	108.182,18		
MUROS	Piscina cuberta	1.533.244,36	961.650,86	571.593,50	37,28	330.567,48	210.361,12	210.361,12	210.361,12
PADRÓN	Complexo Deportivo	672.774,75	405.759,08	222.015,67	33,00	200.253,03	125.253,03	125.253,02	
POBRA	Acondicionamento do Campo de F	300.506,05	246.414,96	54.091,09	18,00			123.207,48	123.207,48
PONTECESO	Acondicionamento do Campo de F	255.752,23	209.716,83	46.035,40	18,00		104.858,42	104.858,41	
RIANXO	Campo de Fútbol de Herba Sintética	601.012,10	492.829,92	108.182,18	18,00			197.131,97	295.697,95
RIBEIRA	Acondicionamento de Zona	897.033,00	601.012,11	296.020,89	33,00		300.506,05	300.506,06	

	Deport.								
SOBRADO	Campo de Fútbol de Herba Sintética	601.012,10	492.829,92	108.182,18	18,00			197.131,97	295.697,95
VALDOVIÑO	Acondicionamento de Campo de F.	109.941,24	90.151,82	19.789,42	18,00	63.106,26	27.045,56		
VEDRA	Acondicionamento de Campo de F.	293.176,64	240.404,84	52.771,80	18,00				240.404,84
TEO	Acondicionamento do C. de Fútbol	300.506,05	246.414,96	54.091,09	18,00	123.207,48	123.207,48		
	TOTAIS	11.981.471,26	8.894.727,15	3.086.744,11		2.246.891,96	2.253.506,32	2.230.032,26	2.164.297,61

12.- MODIFICACIÓN DE AXENTES FINANCIADORES EN ACORDO PLENARIO DO PLAN XXI TURISMO DA NATUREZA ANUALIDADE 2002.

Por unanimidade, apróbase o seguinte dictame da comisión:

“1º.-Modificar a 1ª relación do Plan XXI do turismo da natureza. Anualidade 2002, na aplicación dos axentes financiadores, debendo realizarse o dito financiamento na súa totalidade a “fondos propios”.

2º.-A relación de obras e o seu financiamento quedaría establecida:

Código	Concello	Obra	Achega Concello	Dep. Fondos propios	Total
02.4300.0001.0	A CAPELA	SUBMINISTRACIÓN DE TRACTOR CISTERNA		35.914,24	35.914,24
02.4300.0003.0	A LARACHA	MELLORA CONTORNO E ACCESOS Ó IGREXARIO DE COIRO 2ª FASE		32.347,42	32.347,42
02.4300.0004.0	A LARACHA	MELLORA DO CONTORNO E ACCESOS Ó IGREXARIO DE CABOVILAÑO 1ª FASE	8.791,59	18.925,6	27.717,19
02.4300.0002.0	A LARACHA	PAVIMENTACIÓN BEIRARRÚAS NA PRAZA DE EDUARDO VILA FANO EN CAIÓN		41.729,09	41.729,09
02.4300.0005.0	AMES	MELLORA DE ACCESO Ó NÚCLEO HISTÓRICO DE COSTOIA	2.692,13	45.210,37	47.902,5
02.4300.0006.0	ARTEIXO	MELLORA NAS INFRAESTRUCTURAS DAS PRAIAS DO CONCELLO DE ARTEIXO.		14.052,18	14.052,18
02.4300.0007.0	ARTEIXO	ACCESO Á PRAIA DE COMBOUZAS, BARRAÑÁN		37.882,32	37.882,32
02.4300.0008.0	ARTEIXO	ACCESO PEONIL Ó PASEO DO CONTORNO DA PRESA DE MEICENDE		45.254,19	45.254,19
02.4300.0011.0	BERGONDO	AXARDINAMENTO DA PRAZA EN MIODELO NA ESTRADA AC-161		8.379,55	8.379,55
02.4300.0010.0	BERGONDO	AXARDINAMENTO REVEXETACIÓN DO CONTORNO DO LAVADOIRO DE MIODELO		15.650,98	15.650,98
02.4300.0009.0	BERGONDO	SENDA PEONIL E REVEXETACIÓN DA MARXE DTA DA ESTRADA MIODELO-PEDRIDO		30.054,34	30.054,34
02.4300.0012.0	BETANZOS	EMBARCACIÓN TURÍSTICA DE PASAXEIROS	118.909,69	83.270,19	202.179,88
02.4300.0013.0	BOIMORTO	AREA RECREATIVA EN CORREDOIRAS 2ª FASE (ANXELES)		52.779,01	52.779,01
02.4300.0014.0	BOIRO	ACONDICIONAMENTO DE ACCESOS EN ESCARABOTE, SAN RAMÓN E BARRAÑA	7.324,81	87.912,03	95.236,84

02.4300.0015.0	BOQUEIXÓN	MELLORA DE ACCESOS ÁREA DE OCIO EN FORTE		28.578,45	28.578,45
02.4300.0016.0	BOQUEIXÓN	MELLORA DE ACCESOS ÁREA RECREATIVA E CENTRO DE INTERPRETACIÓN DE MUIÑOS (GASTRAR)		37.257,02	37.257,02
02.4300.0018.0	BRIÓN	ACONDICIONAMENTO DE PARCELA PARA USO RECREATIVO		10.613,6	10.613,6
02.4300.0017.0	BRIÓN	ACONDICIONAMENTO DA MARXE DO RIO PEGO (2ª FASE)		41.350,8	41.350,8
02.4300.0021.0	CABANA DE BERGANTIÑOS	SUBMINISTRACIÓN DE EQUIPAMENTO URBANO PARA ÁREAS DE OCIO DO CONCELLO		3.828	3.828
02.4300.0020.0	CABANA DE BERGANTIÑOS	ACONDICIONAMENTO E POSTA EN VALOR DA SENDA QUE RECORRE O REGO DOS MUIÑOS EN CANDUAS		28.449,43	28.449,43
02.4300.0019.0	CABANA DE BERGANTIÑOS	ACONDICIONAMENTO DO CONTORNO DA FONTE DE STA MARGARIDA EN SILVARREDONDA E MELLORA DOS ACCESOS Á CARBALLEIRA DE STA MARIÑA EN CORCOESTO E PRAIA DE URIXE		30.054,09	30.054,09
02.4300.0022.0	CABANAS	AREAS RECREATIVAS EN: IRIS, PEDRA DO COUTO, LARAXE E STA CRUZ		51.260,06	51.260,06
02.4300.0026.0	CAMARIÑAS	SUBMINISTRACIÓN MOBILIARIO URBANO		18.597,55	18.597,55
02.4300.0023.0	CAMARIÑAS	ACONDIC. ÁREA RECREATIVA EN PONTE DO PORTO		12.180,34	12.180,34
02.4300.0025.0	CAMARIÑAS	CONSTRUCCIÓN PARQUE INFANTIL EN CAMARIÑAS		41.234,1	41.234,1
02.4300.0024.0	CAMARIÑAS	RESTAURACIÓN PARQUE INFANTIL EN PONTE DO PORTO		19.803,46	19.803,46
02.4300.0027.0	CAMBRE	SINALIZACIÓN VERTICAL NO TERMO MUNICIPAL DE CAMBRE	430,13	45.462,63	45.892,76
02.4300.0029.0	CARBALLO	ADQUISICIÓN DUN TRACTOR AGRÍCOLA	247,67	63.352,33	63.600
02.4300.0028.0	CARBALLO	SINALIZACIÓN EN CARBALLO 1ª FASE		59.717,14	59.717,14
02.4300.0030.0	CARIÑO	ACONDICIONAMENTO DA RÚA LANDÍN CARRASCO 2ª FASE		57.732,26	57.732,26
02.4300.0031.0	CARIÑO	REPARACIÓN DE PARQUES INFANTIS		11.772,58	11.772,58
02.4300.0032.0	CARIÑO	EDICIÓN DE FOLLETOS TURÍSTICOS		14.000	14.000
02.4300.0033.0	CEDEIRA	EXPLANACIÓN E VIAIS DA ÁREA RECREATIVA D O TOXO		44.050,3	44.050,3
02.4300.0034.0	CEDEIRA	DOTACIÓN DE SERVICIOS Á ÁREA RECREATIVA DO TOXO		41.317,92	41.317,92
02.4300.0037.0	CEE	SINALIZACIÓN PARA O CONCELLO DE CEE		7.990,26	7.990,26

02.4300.0038.0	CEE	ACONDICIONAMENTO DO RÍO NA AMEIXENDA		32.761,81	32.761,81
02.4300.0036.0	CEE	REFORMA DA PRAZA DE CASTELAO		23.111,24	23.111,24
02.4300.0035.0	CEE	REALIZACIÓN VÍDEO DE PROMOCIÓN TURÍSTICA		7.800	7.800
02.4300.0039.0	CEE	QUIOSCO DE INFORMACIÓN E TURISMO	7.393,05	7.605,75	14.998,8
02.4300.0040.0	CERCEDA	ADECUACIÓN DE ACCESOS Ó XARDÍN BOTÁNICO		18.754,14	18.754,14
02.4300.0041.0	CERCEDA	PROXECTO DE CREACIÓN DE ZONA DE XOGO DE PRÁCTICAS DE GOLF NO PARQUE DE ACEBEDO.		8.279,56	8.279,56
02.4300.0044.0	CERCEDA	RUTAS DE SENDEIRISMO		3.367,24	3.367,24
02.4300.0042.0	CERCEDA	ADQUISICIÓN CASETA PREFABRICADA		6.929,84	6.929,84
02.4300.0043.0	CERCEDA	VÍDEO DE PROMOCIÓN TURÍSTICA		4.640	4.640
02.4300.0045.0	CESURAS	ADQUISICIÓN DE MAQUINARIA PARA MANTEMENTO DE ÁREAS DE ESPALLAMENTO EN CESURAS		1.757,85	1.757,85
02.4300.0047.0	CESURAS	ADQUISICIÓN DE MOBILIARIO PARA LOCAIS PÚBLICOS MUNICIPAIS EN CESURAS		7.774,2	7.774,2
02.4300.0046.0	CESURAS	MELLORA DE ACCESOS A LUGARES DE INTERESE XERAL E ÁREAS DE ESPALLAMENTO EN CESURAS		30.034,42	30.034,42
02.4300.0048.0	COIRÓS	MELLORA DE ÁREA DE OCIO E ESPALLAMENTO DE ESPENUCA	0,01	27.443,47	27.443,48
02.4300.0050.0	CORCUBIÓN	ACONDICIONAMENTO ACCESO PRAIA DA VIÑA		10.607,68	10.607,68
02.4300.0049.0	CORCUBIÓN	AXARDINAMENTO PRAZA DE CASTELAO		10.333,19	10.333,19
02.4300.0051.0	CORCUBIÓN	ELABORACIÓN DUN TRÍPTICO DE CARÁCTER TURÍSTICO DO CONCELLO DE CORCUBIÓN		2.569,67	2.569,67
02.4300.0052.0	CORISTANCO	ACONDICIONAMENTO DE PARQUES E PRAZAS EN VARIAS PARROQUIAS DO CONCELLO		64.297,9	64.297,9
02.4300.0053.0	CULLEREDO	ACONDICIONAMENTO DO CONTORNO DA ERMIDA DE SAN COSME	29.633,86	52.356,68	81.990,54
02.4300.0054.0	CURTIS	ADECUACIÓN DA ÁREA DE OCIO DE FOXADO		12.277,58	12.277,58
02.4300.0055.0	CURTIS	ADECUACIÓN DA ÁREA DE OCIO DE TEIXEIRO		3.591,8	3.591,8
02.4300.0056.0	CURTIS	ADECUACIÓN DE ÁREA DE OCIO DE SANTAIA		21.696,16	21.696,16
02.4300.0057.0	DUMBRIA	REMATE DE CONSTRUCCIÓN DA ÁREA DE OCIO EN BERDEOGAS		47.600,48	47.600,48

02.4300.0059.0	FENE	EDICIÓN DE GUÍA E FOLLETO DE PROMOCIÓN DO TURISMO DE NATUREZA NO CONCELLO DE FENE ANO 2002		6.010	6.010
02.4300.0058.0	FENE	OBRAS DE MANTEMENTO DE MELLORA DE PARQUES E INFANTIS EN FENE ANO 2002		35.991,4	35.991,4
02.4300.0063.0	FISTERRA	PAVIMENTACIÓN APARCAMENTO FARO DE FISTERRA		5.494,71	5.494,71
02.4300.0062.0	FISTERRA	REFORMA ALUMEADA PÚBLICO PASEO MARÍTIMO DE SARDINEIRO		6.957,21	6.957,21
02.4300.0061.0	FISTERRA	ACONDICIONAMENTO PARTE DE CAMPO E CONSTRUCCIÓN DE ASEOS EN RECINTO PECHADO FRANTE IGREXA PARROQUIAL DE FISTERRA		7.799,52	7.799,52
02.4300.0064.0	FISTERRA	ADQUISICIÓN DE SUBMINISTRACIÓNS (SERV. SANITARIOS) PRAIAS DE LANGOSTEIRA, S. ROQUE E FARO.	1.447,85	5.365,95	6.813,84
02.4300.0060.0	FISTERRA	PAVIMENTACIÓN TRAVESÍA DE S. SALVADOR EN TRAMO RUTA CAMIÑO XACOBEO DE FISTERRA		58.073,43	58.073,43
02.4300.0065.0	FRADES	RECUPERACION MEDIO AMBIENTAL DE RECUPERACIÓN DOS MUÍÑOS		27.797,53	27.797,53
02.4300.0066.0	FRADES	RUTA DE SENDERISMO 2ª FASE		12.359,74	12.359,74
02.4300.0067.0	LAXE	RESTAURACIÓN PAISAXÍSTICA EN APRAZADUIRO		58.227,97	58.227,97
02.4300.0068.0	LOUSAME	ADQUISICIÓN DO TERREO E EDIFICIO DA EXTINTA ESTACIÓN DECCA	7.242,06	43.227,01	50.469,07
02.4300.0071.0	MALPICA DE BERGANTIÑOS	PRAZA DO CRUCEIRO		18.738,28	18.738,28
02.4300.0069.0	MALPICA DE BERGANTIÑOS	SINALIZACIÓN DE RUTAS E PRAIAS		24.415,46	24.415,46
02.4300.0070.0	MALPICA DE BERGANTIÑOS	ADQUISICIÓN DE TRACTOR-DESBROZADORA		48.081	48.081
02.4300.0073.0	MAZARICOS	SUBMINISTRACIÓN DUN VEHÍCULO MONOVOLUME PARA A PROTECCIÓN MEDIOAMBIENTAL E PROM.CULTURAL		18.630	18.630
02.4300.0074.0	MAZARICOS	MELLORA DE INFRAESTRUCTURA ELÉCTRICA NO CLUB DE REMO E PIRAGÜISMO DE FIEIRO		17.152,08	17.152,08
02.4300.0072.0	MAZARICOS	SUBMINISTRACIÓN DE PLACAS DE SINALIZACIÓN PARA PROMOCIÓN LUGARES, PATRIMONIO 2ª FASE		23.338,97	23.338,97

02.4300.0075.0	MAZARICOS	MELLORAS EN INFRAESTRUCTURAS NA ÁREA DE OCIO DO MONTE SINO E ACONDICIONAMENTO DE ACCESOS		15.832,85	15.832,85
02.4300.0076.0	MELIDE	INSTALACIÓN DE XOGOS INFANTÍS E ADECUACIÓN DE ÁREA RECREATIVA		34.833,59	34.833,59
02.4300.0077.0	MELIDE	AMPLIACIÓN DE ÁREA RECREATIVA DESTINADA A PISCINA		59.952,18	59.952,18
02.4300.0079.0	MOECHE	RECUPERACIÓN CARBALLEIRA DE SAN RAMÓN DE MOECHE- COLOCACIÓN MOBILIARIO		29.875,86	29.875,86
02.4300.0078.0	MOECHE	RECUPERACIÓN CARBALLEIRA DE SAN RAMON DE MOECHE.- PLANTACIÓN CÉSPEDE		17.256,84	17.256,84
02.4300.0081.0	MONFERO	ÁREA RECREATIVA DE ALTO XESTOSO		34.275,23	34.275,23
02.4300.0080.0	MONFERO	ÁREA RECREATIVA DE LAGARES		34.232,49	34.232,49
02.4300.0082.0	MUROS	ITINERARIO COSTEIRO DE MUROS A LOURO 2ª FASE		94.644,98	94.644,98
02.4300.0086.0	MUXÍA	ACONDICIONAMENTO ACCESO PRAIA AREA MAIOR		31.471,53	31.471,53
02.4300.0087.0	MUXÍA	ILUMINACIÓN PÚBLICA PASEO DA PEL, A BARCA E CORPIÑO		55.126,22	55.126,22
02.4300.0083.0	MUXÍA	50 DISPOSITIVOS SUXEITACOLECTORES		8.413,48	8.413,48
02.4300.0085.0	MUXÍA	VÍDEO TURÍSTICO		7.800	7.800
02.4300.0084.0	MUXÍA	CATRO DUCHAS		5.298,51	5.298,51
02.4300.0088.0	NARÓN	CREACIÓN DA ZONA DE ACAMPADA DE TURISMO NATURAL, 2ª FASE		87.202,33	87.202,33
02.4300.0089.0	NEDA	MELLORA DA RIBEIRA DO RIO BELELLE EN STA. MARÍA		41.623,39	41.623,39
02.4300.0090.0	O PINO	ACONDICIONAMENTO ÁREA RECREATIVA MAGDALENA	1.214,5	20.677,26	21.891,76
02.4300.0091.0	O PINO	AREA RECREATIVA EN PONTE DA PEDRA 2ª FASE		32.577,46	32.577,46
02.4300.0093.0	OLEIROS	CONSOLIDACIÓN DAS RUÍNAS DO EDIFICIO EXISTENTE NO PARQUE DA CAPELA EN MONTROVE		42.232,67	42.232,67
02.4300.0092.0	OLEIROS	PAVIMENTACIÓN DAS RÚAS MUNICIPAIS DE ACCESO Á PRAIA E ÁREA DE OCIO DE SANTA CRISTINA		61.432,02	61.432,02
02.4300.0095	OROSO	PALCO DE MÚSICA SITUADO EN IGREXA. PARROQUIA DE SENRA	2.743,4	23.571,4	26.314,8
02.4300.0094.0	OROSO	ACONDICIONAMENTO DA ANTIGUA CASA CONSISTORIAL DE OROSO	2.743,39	15.956,23	18.699,62

02.4300.0097.0	ORTIGUEIRA	ACONDICIONAMENTO E REXENERACIÓN DO PORTO DE LADRIDO		37.697,22	37.697,22
02.4300.0096.0	ORTIGUEIRA	ACONDICIONAMENTO DO CONTORNO NATURAL DAS FURNAS		91.870	91.870
02.4300.0098.0	ORTIGUEIRA	SUBMINISTRACIÓN DE PANEIS INFORMATIVOS		21.680,4	21.680,4
02.4300.0100.0	OZA DOS RÍOS	SUBMINISTRACIÓN DE MARQUESIÑAS PARA AS PARADAS DE BUS C-540, PARROQUIAS DE PORZOMILLOS E OZA		15.412,08	15.412,08
02.4300.0101.0	OZA DOS RÍOS	SUBMINISTRACIÓN DE SINAIS PARA AS PARROQUIAS DO TÉRMINO MUNICIPAL		10.416,33	10.416,33
02.4300.0099.0	OZA DOS RÍOS	SUBMINISTRACIÓN DE MARQUESIÑAS PARA AS PARADAS DE BUS C-540, PARROQUIA REGUEIRA		15.412,08	15.412,08
02.4300.0102.0	PADERNE	1ª FASE DE ACONDICIONAMENTO PRAZA DE SANTA MARÍA DE SOUTO		48.370,19	48.370,19
02.4300.0103.0	PONTECESO	ACONDICIONAMENTO E MELLORA DO CONTORNO DA PRAZA RIBEIRA DE CORME PORTO		38.331,41	38.331,41
02.4300.0104.0	PONTECESO	MELLORA DO PAVIMENTO DO PASEO MARÍTIMO DE CORME PORTO		59.763,19	59.763,19
02.4300.0107.0	PONTEDEUME	ADQUISICIÓN DE MAQUINARIA DE XARDINERÍA PARA CUIDADO DE ESPACIOS VERDES E XARDÍNS		17.945,2	17.945,2
02.4300.0108.0	PONTEDEUME	SINALIZACIÓN DE PRAIAS, MONUMENTOS DE INTERESE TURÍSTICO E RUTAS TURÍSTICAS		7.551,6	7.551,6
02.4300.0109.0	PONTEDEUME	ACONDICIONAMENTO E MELLORA DO PAVIMENTO DE PASEO MARÍTIMO DE PONTEDEUME	508,91	2.971,09	3.480
02.4300.0106.0	PONTEDEUME	ADQUISICIÓN MOBILIARIO PARA PARQUES INFANTÍLS		41.342,4	41.342,4
02.4300.0105.0	PONTEDEUME	MELLORA DE INSTALACIÓN DE BOMBEO NO RÍO COBÉS		9.367	9.367
02.4300.0110.0	RIANXO	MELLORA DOS ACCESOS Ó MIRADOIRO DO CASTRO BARBUDO		79.473,3	79.473,3
02.4300.0111.0	RIBEIRA	PARQUE PÚBLICO NA CORNA (PALMEIRA)		79.634,28	79.634,28
02.4300.0112.0	RIBEIRA	MELLORAS E REPARACIÓNS NO PASEO MARÍTIMO DE COROSO (RIVEIRA)		59.614,46	59.614,46
02.4300.0113.0	ROIS	CONSTRUCCIÓN PARQUE INFANTIL EN SISTO		41.838,4	41.838,4
02.4300.0115.0	SANTA COMBA	MELLORA E ACONDICIONAMENTO DUN CONTORNO NATURAL NA PEREIRA		17.917,59	17.917,59

02.4300.0114.0	SANTA COMBA	COLOCACIÓN ALUMEADO PÚBLICO ARTÍSTICO NA AVDA. DE SANTIAGO		47.876,01	47.876,01
02.4300.0116.0	SANTA COMBA	SUBMINISTRACIÓN DE COLECTORES DE RESIDUOS SÓLIDOS URBANOS		17.585,97	17.585,97
02.4300.0117.0	SOMOZAS	DESEÑO, FABRICACIÓN E SUBMINISTRACIÓN DE CUBERTA MÓBIL PARA UN ESCENARIO	38.261,42	38.078,18	76.339,60
02.4300.0119.0	TOQUES	SINALIZACIÓN TURÍSTICA EN BRAÑAS E OUTROS, 2ª FASE		26.234,39	26.234,39
02.4300.0118.0	TOQUES	SINALIZACIÓN TURÍSTICA EN VILLAMOR E OUTROS, 2ª FASE		24.210,07	24.210,07
02.4300.0122.0	TOURO	ACONDICIONAMENTO ACCESO Ó NÚCLEO RURAL DE OBRA		24.661,52	24.661,52
02.4300.0120.0	TOURO	CONSTRUCCIÓN CAMPO DA FESTA EN FAO E OUTROS		29.036,78	29.036,78
02.4300.0121.0	TOURO	ACONDICIONAMENTO ÁREA RECREATIVA DE FOXÁS		22.734,94	22.734,94
02.4300.0123.0	VAL DO DUBRA	ÁREA RECREATIVA EN ERVIÑO		29.646,01	29.646,01
02.4300.0124.0	VAL DO DUBRA	SUBMINISTRACIÓN PARA A CONSERVACIÓN E REVALORIZACIÓN DE ESPACIOS NATURAIS	3,67	11.185,64	11.189,31
02.4300.0125.0	VILARMAIOR	ACONDICIONAMENTO PARQUE DÍA TRES		23.281,88	23.281,88
02.4300.0126.0	VILASANTAR	ADECUACIÓN DA PRAZA DO CONCELLO, 2ª FASE		25.337,89	25.337,89
02.4300.0127.0	VILASANTAR	ADQUISICIÓN CARPA MUNICIPAL		28.110,77	28.110,77
02.4300.0130.0	VIMIANZO	PAVIMENTACIÓN E AXARDINAMENTO EN TRAS DO MUIÑO		12.094,36	12.094,36
02.4300.0129.0	VIMIANZO	ÁREA DE OCIO EN CASTRELO		29.323,69	29.323,69
02.4300.0128.0	VIMIANZO	ÁREA DE OCIO EN SEÑORANS		48.477,87	48.477,87
02.4300.0131.0	ZAS	ACONDICIONAMIENTO ÁREA RECREATIVA DA GÁNDARA		59.217,08	59.217,08
TOTALS			229.588,18	3.989.202,56	4.218.790,74

3º.-Da aprobación da dita modificación, deberase dar conta ó Pleno na próxima sesión.

4º.-O financiamento da 1ª anualidade establécese:

Programa	Axentes financiadores		Total	Partida
	Concello	Dep. fondos propios		
Obras/subministracións	229.588,18	3.989.202,56	4.218.790,74	0305/751.A/76299
Obras/subministracións		6.100,00	6.100,00	0305/751.A/46200

Total	229.588,18	3.995.302,56	4.224.890,74
-------	------------	--------------	--------------

13.- PROPOSTA DE FORMALIZACIÓN DO CONVENIO PARA FINANCIAR O CUSTO DA ELABORACIÓN DUN ESTUDIO DE MERCADO DA FEDERACIÓN DE ENTIDADES EMPRESARIAIS DE COMERCIO DA PROVINCIA DA CORUÑA.

(Sae o Sr. Erias Rey).

INTERVENCIONES

Sra. Vázquez Veras

É para anunciar, como vén sendo habitual nestes convenios que se asinan entre a deputación e distintas entidades da provincia, a nosa abstención, aínda que aclarando que en todo caso estamos absolutamente de acordo co que é o obxectivo deste convenio, é dicir, nosoutros tamén entendemos que neste intre é necesario que se faga un estudio da situación do pequeno comercio, como vén explicitado no convenio, fóra do concello da Coruña, posto que xa existe un estudio feito pola federación provincial. A nosa abstención débese a que existe un informe en contra dos servicios administrativos, en concreto do Servicio de Patrimonio e Contratación, e da secretaría xeral, entendendo que se conculca o que son as bases de execución do orzamento en vigor. Nosoutros entendemos que polo tanto existe unha mala xestión, pedimos na comisión que o asunto quedara sobre a mesa, para que se estudiara cos servicios técnicos a posibilidade de encarar este convenio e outros posibles convenios cuns obxectivos cos que estiveramos de acordo, de maneira que non tiveramos que abstermos neste punto, pero visto que o presidente da comisión pasou á aprobación e hai un dictame da comisión, nosoutros neste pleno ímonos abster, -insisto-, entendendo ó obxectivo e estando de acordo co obxectivo deste convenio.

Sr. Fernández Moreda

Tamén brevemente para dicir que nosoutros non vemos a razón para a formalización deste convenio, porque o consideramos absolutamente innecesario, di: "...este convenio ten por obxecto financiar o custo de elaboración dun estudio que ha presentar a federación de entidades empresariais de comercio da provincia da Coruña para elaborar e definir cun censo completo os establecementos comerciais para deducir posibles actuacións de fomento do comercio. "¡Home, se se pide unha relación ó Servicio de Xestión Tributaria xa se sabe que tódolos comercios que hai na provincia da Coruña porque se recauda desde aquí o imposto de actividades económicas, polo tanto non vemos cál é a razón deste convenio e que se persegue, e se, a pesar diso, unha vez que se decide facer ese estudio, pois si vai financiar a deputación o 100%, que o faga a deputación directamente, que controla o

proceso de adxudicación e fixa os criterios. Entón, non entendemos que sexa necesario porque os datos hainos nesta casa, sen facer ningún tipo de convenio e sen pagar absolutamente nada.

Sr. Varela Rey

Como é de supoñer, loxicamente, o convenio non está unicamente remitido ó coñecemento dos establecementos comerciais nin ó censo, é bastante máis amplo aínda que non figura estipulado como nalgunha das cláusulas, e loxicamente para coñecemento de cál é a realidade en tódolos ámbitos dentro do comercio local e mesmo para buscar propostas e alternativas que melloren e que posibiliten esa situación da rede comercial.

Sr. Fernández Moreda

Simplemente para dicir que nosoutros descoñecemos se hai outros obxectivos a maiores, o que figura no convenio é simplemente facer un censo, e unha vez que se teña o censo, faranse outras cousas se se considera oportuno. Entón, se é facer o censo, non ten senso porque é público. O voto é negativo.

VOTACIÓN

Votan a favor: 15 deputados (PP)

Votan en contra: 11 deputados (PSOE)

Abstéñense: 5 deputados (4 do BNG e 1 do PP, por ausentarse na deliberación do asunto e non estar presente no momento da votación, art. 74.1 do Regulamento orgánico).

ACORDO

Apróbase o seguinte dictame da comisión:

“1.- Aprobar o texto do convenio que vai subscribir a Excm. Deputación Provincial da Coruña e a Federación de Entidades Empresariais de Comercio da provincia da Coruña para financiar o custo de elaboración dun estudo sobre o comercio na provincia da Coruña.

2.- A achega provincial prevista no convenio ascende a un total de 45.080 euros.

A achega poderá facerse efectiva, de acordo coas previsións e requisitos fixados no convenio con cargo á partida orzamentaria 0305/622B/489.99.

3.- Facultar á Presidencia para a sinatura do presente convenio.”

4.- O texto íntegro do convenio é o seguinte:

A Coruña, de dous mil dous

REUNIDOS

Dunha parte o Excmo. Sr. D. José Luis Torres Colomer, como presidente da Excmo. Deputación Provincial da Coruña, asistido polo secretario xeral da Corporación D. José Luis Almau Supervía.

Doutra parte D.

EXPOÑEN:

1.- Que a Excmo. Deputación Provincial da Coruña e a Federación de Entidades Empresariais do Comercio da provincia da Coruña, consideran de grande interese para a provincia da Coruña o obxectivo de vitalizar e impulsar todos os aspectos relacionados coa promoción do comercio na provincia da Coruña.

2.- Que a Deputación da Coruña é receptiva a todo aquilo que signifique estudio, información e mellora da promoción do comercio na provincia da Coruña.

3.- Que, dado o interese coincidente da Deputación da Coruña e a Federación de Entidades Empresariais do Comercio da provincia da Coruña, as dúas partes acordan subscribir un convenio conforme ás seguintes

ESTIPULACIÓNS:

PRIMEIRA.- OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto o de financiar o custo de elaboración dun estudio que vai presentar a Federación de Entidades Empresariais do Comercio da provincia da Coruña. O obxectivo xeral do proxecto que vai realizar é o de favorecer o coñecemento das redes comerciais da provincia da Coruña. Trátase de elaborar e definir un censo completo dos establecementos comerciais para deducir posibles actuacións de fomento do comercio.

SEGUNDA.- OBRIGAS.

O proxecto será elaborado pola Federación de Entidades Empresariais do Comercio da provincia da Coruña nas condicións precisas que se determinan na memoria que se achega co presente convenio.

A Federación de Entidades Empresariais do Comercio da provincia da Coruña asume a obriga de facer constar a colaboración da Excm. Deputación Provincial da Coruña en todos os soportes que se empreguen para a difusión e divulgación do proxecto.

TERCEIRA.- FINANCIAMENTO.

A Deputación da Coruña financiará o proxecto cunha achega de 45.080.euros, co obxectivo de custear a elaboración do estudo. A cantidade citada pagarase coa presentación das facturas correspondentes referidas ás accións comprendidas no proxecto.

CUARTA.- NATUREZA XURÍDICA.

O presente convenio ten natureza administrativa, as cuestións litixiosas que puidesen xurdir en relación co mesmo será competencia da xurisdicción contencioso administrativa. Para a resolución das dúbidas ou lagoas que puidesen aparecer na súa interpretación estarase ó disposto na Lei 13/95, do 18 de maio de contrato das administracións públicas.

SEXTA.- VIXENCIA.

O presente convenio rematará a súa vixencia co cumprimento do obxecto previsto neste e, en todo caso o día 30 de novembro de 2003.

SÉTIMA.- INTERPRETACIÓN

Corresponde ó Pleno da Corporación a interpretación, modificación e resolución do presente convenio.

Para resolver as dúbidas ou lagoas que xurdan na interpretación do presente convenio, aplicarase supletoriamente a lei 13/95 de contratos das administracións públicas.”

14.- PROPOSTA DE CAMBIO DA OBRA “RECONVERSIÓN DO VERTEDOIRO DE OMBRE” CONCELLO DE PONTEDEUME, PARA APLICAR A ACHEGA PROVINCIAL Á OBRA “PROXECTO DE ADECUACIÓN, SELADO E CLAUSURA DO VERTEDOIRO RSU DE PONTEDEUME”.

Por unanimidade, apróbase o seguinte dictame da comisión:

“1.- Aceptar a renuncia presentada polo Concello de Pontedeume á obra “Reconversión do vertedoiro de Ombre” cód. 01.4300.0145.0 incluída no Plan XXI de fomento do turismo de natureza cun orzamento e achega provincial de 16.152,60 euros.

2.- Aprobar a incorporación ó Plan XXI de fomento do turismo da natureza da obra “Proxecto de adecuación, selado e clausura do vertedoiro RSU de Pontedeume de 173.215,58 euros do orzamento total que sería financiado cunha achega do Concello de Pontedeume de 157.062,98 euros, e da deputación de 16.152,60 euros.

A incorporación da nova obra apróbase en substitución da obra proposta inicialmente polo concello.

A achega provincial á da obra será financiada pola deputación, con cargo á partida 0305/751.A/76299 do orzamento da Corporación.

3.- Ampliar o prazo de xustificación da execución da obra perante a deputación ata o 30 de decembro de 2002 debendo presentar o concello na deputación con anterioridade á dita data as oportunas certificacións de obra.

4.- Facultar ó presidente para canto proceda tocante á xestión e execución do presente acordo.”

15.- PROXECTO REFORMADO DA OBRA “CONXUNTO PARROQUIAL DE S. MIGUEL DE VILELA (CARBALLO). PLAN 2000 DE RECUPERACIÓN DA ARQUITECTURA POPULAR.

INTERVENCIONES

Sra. Vázquez Veras

Para anunciar a nosa abstención no punto 15 e 16, o proxecto reforma da obra do concello de Carballo incluída no Plan de arquitectura popular e no parque de bombeiros e instalación civil de Betanzos, posto que hai un incremento do orzamento e é unha posición que sempre mantemos.

VOTACIÓN

Votan a favor: 25 deputados (15 do PP e 10 do PSOE)

Votan en contra: ningún deputado

Abstéñense: 4 deputados (BNG)

ACORDO

Apróbase o seguinte dictame da comisión:

“1.- Aprobar a Memoria Técnica reformada da obra “Conxunto parroquial de San Miguel de Vilela” Carballo, PAP cód. 99.4100.0020.8, elaborada polo arquitecto técnico D. Antonio Pérez Dorado orzamentada na cantidade de 4.035.420 pesetas (24.253,36 €), o que implica un incremento de 846.696 pesetas respecto do orzamento inicial aprobado polo pleno corporativo na primeira fase do Plan 2000 de recuperación da arquitectura popular.

A modificación obxecto de aprobación consiste na incorporación das seguintes partidas na memoria orzamentada da obra: “demolición de tella cerámica curva e forxado de madeira en cuberta por medios manuais e retirada de cascallo a vertedoiro”, “subministración e colocación de tella romana T.B.F. cravada a rastrel de piñeiro roxo tratado de 25x30 mm., con puntas de aceiro inoxidable i/p.p. de pezas especiais, cabaletes medios auxiliares e elementos de seguridade” e “adaptación de muro deteriorado e adaptación de cornixas de pedra”.

A necesidade de aprobar o reformado, segundo se deduce do contido incorporado no informe emitido ó respecto polo servizo de Arquitectura:

...xustifícase por razón de interese público ante a aparición de novas necesidades durante a execución das obras, sendo estas as seguintes:

No proxecto inicial non se contemplaba o derrubamento do forxado de madeira de cuberta existente, por considerarse este en bo estado. Cando se levanta a cuberta durante a execución das obras, tense constancia do mal estado que o dito forxado presentaba, sendo necesaria a demolición deste e a súa posterior substitución.

Así mesmo, cando se levanta a cuberta conséntase ademais o deterioro dos muros da igrexa e da cornixa, sendo necesaria a adaptación destes, aspecto que non se contemplaba no proxecto inicial.

Coa modificación o orzamento da obra sofre un incremento de 5.088,75 € (846.696 pesetas). Este incremento será financiado, xunto co custe inicial da obra que ascende a 3.188.724 pesetas (19.164,62 €) con cargo á partida 0305/469A/629.31 do orzamento da corporación. O importe total do proxecto ascende a 24.253,36 €

2.- Dispoñer a exposición pública da Memoria Técnica aprobada mediante a publicación dun anuncio no BOP para os efectos de que poidan presentarse alegacións, entendéndose definitivamente aprobada no caso de non presentarse ningunha.

3.- Remitir o expediente a informe da Xunta de Galicia, da Comisión Galega de cooperación local e á Comisión Provincial de Patrimonio, para os efectos establecidos nos artigos 187 e seguintes da lei 5/97, do 22 de xullo de 1997, da administración local de Galicia.

4.- Facultar ó presidente para canto proceda de acordo á xestión e execución do presente acordo.”

16.- PROXECTO REFORMADO DA OBRA “PARQUE DE BOMBEIROS E INSTALACIÓN DE PROTECCIÓN CIVIL EN BETANZOS”.

VOTACIÓN

Votan a favor: 25 deputados (15 do PP e 10 do PSOE)

Votan en contra: ningún deputado

Abstéñense: 4 deputados (BNG)

ACORDO

Apróbase o seguinte dictame da comisión:

“1.- Aprobar o proxecto reformado da obra “Instalación de Protección Civil” en Betanzos, por importe de contrata de 517.167,651 euros, segundo o seguinte detalle

Protección Parque Bombeiros e instalac. protec. civil en Betanzos	código 99-4000-0009-0	431.875,95
Proxecto reformado	código 99.4000.0009.8	517.167,65
Incremento do modificado	código 99.4000.0009.8	85.291,70 euros

2.- Dispoñer a exposición pública da Memoria Técnica reformada mediante a publicación dun anuncio no BOP para os efectos de que poidan presentarse alegacións, entendéndose definitivamente aprobada no caso de non presentarse ningunha.

3.- Remitir o expediente a informe da Xunta de Galicia e da Comisión Galega de Cooperación local para os efectos establecidos nos artigos 187 e seguintes da lei 5/97, do 22 de xullo de 1997, da administración local de Galicia.

4.- Facultar ó presidente para canto proceda de acordo coa xestión e execución do presente acordo.”

17.- APROBACIÓN DO PLAN DE EMPREGO DA EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA.

INTERVENCIONS

Sr. presidente

Os puntos 17 e 18 trasládanse ó pleno do orzamento porque levan un complemento económico, e polo tanto non é lóxico e normal que se traten aquí, polo tanto acordamos que queden sobre a mesa e trasládanse ó debate do pleno do orzamento porque levan unha contía económica que o apoia.

Acórdase deixar este punto sobre a mesa.

18.- APROBACIÓN DO CADRO DE PERSOAL E RELACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO ANO 2003.

Acórdase deixar este punto sobre a mesa.

19.- DAR CONTA DO NOMEAMENTO DE OFICIAL MAIOR DESTA DEPUTACIÓN.

A Corporación toma coñecemento da seguinte proposta:

“Dar conta ó Pleno da Corporación da Resolución da Presidencia núm. 18.219, do 21 de novembro de 2002, pola que se adxudica a D^a MARÍA AMPARO CRISTINA TABOADA GIL, NRP 35248538535A3011, o posto de traballo de Oficiala Maior desta Deputación provincial, reservado a funcionarios da Administración local con habilitación de carácter nacional.”

Sr. presidente

Hai unha declaración institucional asinada polos tres grupos pola non violencia contra as mulleres, que lle rogo ó Sr. secretario que a lea e que de seguido teremos un minuto de silencio polas mulleres falecidas por estes actos vandálicos.

(Entra o Sr. Fernández Moreda)

Sr. secretario

“Declaración institucional con motivo da celebración do Día Internacional da non violencia contra as mulleres”.

O día 25 de novembro foi declarado “Día Internacional da non violencia contra as mulleres”.

A violencia de xénero é un fenómeno que non só non diminúe senón que está arraigado en moitos sectores da nosa sociedade independentemente do país, idade, cultura, clase social, relixión ou etnia e constitúe a primeira causa de morte das mulleres no mundo.

A ONU define este tipo de violencia como “Todo acto de violencia baseado na pertenza de xénero feminino que ten ou pode ter como resultado dun dano ou sufrimento físico, sexual ou psicolóxico para a muller, así como as ameazas de tales actos, a coacción ou privación arbitraria de liberdade tanto se se produce na vida pública como na privada. É unha violación dos dereitos humanos e das liberdades fundamentais e constitúe unha manifestación das relacións de poder historicamente desiguais entre homes e mulleres que conduciu á dominación da muller e á súa discriminación. É un dos mecanismos sociais fundamentais polo que se forza á muller a unha situación de subordinación con respecto ó home”.

A Deputación da Coruña fai un chamamento á cidadanía da provincia para que non tolere nen un minutos máis a violencia contra as mulleres e que a súa erradicación se converta nun obxectivo prioritario.

De igual forma demandamos medidas encamiñadas á atención e protección das vítimas para que se atrevan a romper co silencio e denunciar ós seus agresores e que se axude a paliar a súa situación e a encarar o seu futuro.

Asimesmo demandamos dos poderes públicos e dos gobernos medidas urxentes encamiñadas a prevención e á educación da sociedade para acabar cos estereotipos sexistas

que conducen á desigualdade, ó dominio dun sexo sobre outro e a asumir que as relacións de igualdade entre os xéneros e o respecto mútuo son fundamentais para acabar con esta tremenda carga social.”

A continuación gárdase un minuto de silencio.

ACTUACIÓN DE CONTROL

MOCIÓN

Sr. presidente

Hai dúas mocións, unha do grupo socialista e outra do BNG sobre o financiamento das entidades locais, creo que a do grupo socialista foi retirada, paréceme e non sei cál é a postura sobre esta moción do Bloque Nacionalista Galego.

(Entra o Sr. Erias Rey).

Sr. Rodríguez Doval

Nosoutros mantemos o contido e os catro puntos que se propoñían dentro desta moción, porque entendemos que aínda que houbera, digamos, cambios que non afecten no substancial ós temas que estamos formulando nosoutros aquí, que non tiñan que ver tanto co tema específico desa negociación entre o goberno e a Federación Española de Municipios e Provincias, senón con temas de máis calado e que se refiren ó impacto, fundamentalmente, deste cambio que está habendo en situacións como a galega, que é unha situación singular, e con referencia naturalmente, a algo que para nosoutros é fundamental que é o do tema da dispersión poboacional e de determinado tipo de criterios, que ó noso xuízo, deberíanse de introducir en todo ese debate, que ademais é un debate que non está terminado, para que, unha vez que se entre, aquilo que mesmo aprobou por unanimidade a propia Federación Galega de Municipios e Provincias, transmítase ó Estado e para que, efectivamente, xa a resultas da supresión do IAE, e a aplicación, ou digamos que a posibilidade de que outros concellos poidan adoptar outras vías para compensar no campo impositivo o que se vai perder polo do IAE, que se tivera en conta tamén algo que para nosoutros é fundamental, que no que toca á participación dos ingresos no Estado se teñan en conta precisamente factores como a dispersión poboacional ou a superficie do concello, pero sobre todo o primeiro, a dispersión da poboación, sexa un elemento que actúe en forma compensatoria

para situacións como a galega, onde como todo o mundo sabe, hai máis de 33.000 núcleos de poboación, e no caso concreto da provincia da Coruña máis de 13.000.

E despois unha petición tamén que se fai para instar ó Parlamento Galego a que se elabore desde alí unha Lei galega de facendas locais, que teña precisamente en conta os cambios que se están a producir no Estado, e tamén a propia situación de singularidade do noso país.

Nese sentido pedimos un voto favorable a esta proposta e a aprobación da mesma. Moitas grazas.

Sr. presidente

Eu creo que xa hai un acordo entre a FEMP e o goberno onde se aclararon este puntos, e na FEMP está presente por suposto a FEGAMP, onde ten voz e voto, e polo tanto considero que non hai urxencia en debatir esta moción, de todas formas pasa a comisión por se se quere seguir no debate parlamentario, chamémoslle así, pero hai un acordo por ambas partes, onde os concellos ademais están de acordo en, valla a redundancia, ese acordo, e onde queda garantido por suposto que a supresión do IAE non vai ser unha diminución económica en todos e cada un dos concellos deste estado.

Procédese á votación da urxencia.

VOTACIÓN

Votan a favor: 4 deputados (BNG)

Votan en contra: 16 deputados (PP)

Abstéñense: 11 deputados (PSOE)

Sr. presidente

Eu teño aquí unha pregunta de dona Margarida Vázquez Veras e outra sobre da estrada Carral-Meirama. É da Sra. Vázquez Veras tamén.

Sra. Vázquez Veras

Ben, a pregunta relativa á estrada de Carral-Meirama é porque é unha variante que se estivo executando e abriuse ó tránsito practicamente despois do verán deste ano, a través dun convenio coa empresa Lignitos de Meirama, onde a empresa financiaba as obras e a

Deputación facía a dirección técnica e executaba. Sorpresivamente, chegaron as primeiras chuvias e a estrada tivo derrubamentos de noiros nalgún punto, e cortaron a calzada, cégaronse os desaugadoiros, houbo charcos, é dicir, que nosoutros o que pedimos é que se clarifique se realmente este tipo de deficiencias, posto que é unha estrada recentemente aberta ó tránsito, vanse paliar e en qué medida.

Sr. presidente

Como ben sabe e ben dixo vostede, esta estrada fíxose con fondos de Lignitos e baixo a dirección técnica desta deputación, e por suposto se hai uns fallos, que os hai, que informen os técnicos se a empresa é responsable, reclamaremos dela que os subsane, e se non, pois terá que subsanados esta deputación. O que queda claro é que hai que arranxar eses danos e desperfectos que hai.

A seguinte pregunta por favor.

Sra. Vázquez Veras

Da seguinte pregunta xa falamos no punto 11 da orde do día, e é referida ó que vai ocorrer co estadio de atletismo do INEF en Bastiagueiro. Lembro a exposición de motivos a contestación que deu o presidente desta corporación cando se fixo a mesma pregunta, o 28 de setembro do ano pasado, onde se comentaba en que situación quedaba, pendente de baixas, da relación de obra do ano anterior, pero que se ía efectuar nesta. Sorpresivamente, na relación non existe. Entón queremos saber se esta é unha das obras que a deputación puxo encima da mesa neste convenio e que vai pasar con iso.

Sr. López Crespo

É unha das obras que cando iniciou a comisión a valoración das necesidades estaba posta como a primeira, é dicir, que se incluiu na relación de obras que ha executar a Secretaría Xeral as pistas de Bastiagueiro cun orzamento de 155 millóns de pesetas. Está incluída.

Sra. Candocia Pita

É un rogo. O senso da declaración institucional, para garantir un dos puntos que poñemos, que é que se faga un chamamento á cidadanía, cómpre que saia nos medios, como pola hora que é non están presentes os medios de comunicación xa no pleno, é un rogo para que se envíe á Prensa. Máis nada e moitas gracias.

Sr. presidente

Non hai ningún problema. O xefe de Gabinete de Prensa estarao escoitando e así o fará.

Ó non haber máis asuntos dos que tratar, remata a sesión sendo as catorce horas e corenta minutos, redactándose a presente acta e autorizándose a súa transcripción, que asino co Ilmo. Sr. presidente, de todo o cal, eu, o secretario, dou fe.